

# O efeito fronteira no desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço







Biblioteca dos Estudos Estratégicos

---

# O efeito fronteira no desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço



**EPICAH**  
Interreg Europe



**EIXO ATLÂNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR

EDIÇÃO: *Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular*

TRADUÇÃO: *tdi Comunicación*

MONTAGEM: *María Alcañiz Lorenzo*

IMPRESA:

ISBN imprensa: 978-989-54177-4-2

ISBN digital: 978-989-54177-5-9

Depósito legal: VG 591-2018

Ano de publicação: 2018

#### DESCARGO DE RESPONSABILIDAD

El proyecto EPICAH está cofinanciado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional, en el marco del programa INTERREG EUROPE. Los contenidos de esta publicación no reflejan la opinión oficial de la Comisión Europea y de la Autoridad de Gestión del programa INTERREG EUROPE.

El contenido de este documento es responsabilidad de los autores y todas las opiniones presentadas no representan, necesariamente, la postura oficial del programa INTERREG EUROPE.



## O EFEITO FRONTEIRA NO DESENVOLVIMENTO DO PATRIMÓNIO NATURAL E CULTURAL TRANSFRONTEIRIÇO

Coleção: Biblioteca de Estudos Estratégicos

Editor: *Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular*

---

### EXPERTOS TEMÁTICOS:

- José Palma Andrés

*Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular*

- Ana Ladeiras

*Asociación Ibérica dos Municipios Costeiros do Río Douro*

- Mónika Komádi

*SRL sen fins de lucro Rexión Vinícola de Tokaj*

- Massimiliano Gini

*Axencia para o desenvolvemento de Empolese Valdelsa*

- Kostas Karamarkos

*Fondo de Desenvolvemento Rexional / Rexión de Macedonia Occidental*

- Peeter Unt

*Centro Peipsi para a Cooperación Transfronteiriza*

- Bogdan Georgescu

*Asociación para o Desenvolvemento Intercomunitario do Condado de Satu Mare*

- Tomas Raboch

*Axencia para o Desenvolvemento Rexional da Rexión de Pilsen*

- José Santos Soeiro

- Carlos Beltrán





## SUMARIO

- INTRODUÇÃO.....9
  
- ESTÁ-SE A POTENCIAR O EFEITO FRONTEIRA NA PROTEÇÃO E DESENVOLVIMENTO DO PATRIMÓNIO NATURAL E CULTURAL TRANSFRONTEIRIÇO NA EUROPA .....11
  
- PONTO DE SITUAÇÃO NA FRONTEIRA POCTEP
  - Como se está a potenciar o efeito fronteira na proteção e desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço na fronteira luso-espanhola.....105







## O PROJETO EPICAH

No âmbito do projeto EPICAH (Efetividade dos Instrumentos Políticos para o Avanço Transfronteiriço no Património), cofinanciado pela União Europeia mediante o programa INTERREG EUROPE 2014-2020, promove a análise do efeito fronteira como uma oportunidade para o desenvolvimento do turismo de património e de natureza em 9 regiões fronteiriças da Europa, a fim de promover o seu desenvolvimento, assim como as ações prévias necessárias para este objetivo, mediante a sua futura inclusão nas prioridades dos programas europeus de cooperação transfronteiriça e territorial.

Os sócios do projeto são:

- Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular (PT)
- Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular (ES)
- Associação Ibérica dos Municípios Ribeirinhos do Douro (ES)
- SRL sem fins lucrativos Região Vinícola de Tokaj (HU)
- Agência para o desenvolvimento de Empolese Valdelsa (IT)
- Fundo de Desenvolvimento Regional / Região da Macedónia Ocidental (EL)
- Centro Peipsi para a Cooperação Transfronteiriça (EE)
- Associação para o Desenvolvimento Intercomunitário do Condado de Satu Mare (RO)
- Agência para o Desenvolvimento Regional da Região de Pilsen (CZ)

Esta publicação é um dos resultados intermédios do projeto, fruto de um ano e meio de trabalho de investigar, comparar e contrastar a situação existente entre as diversas fronteiras em matéria de desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço. Neste contexto, esta publicação reúne os seguintes documentos:

1. **Relatório Conjunto** sobre como se está a potenciar o efeito fronteira na proteção e desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço na Europa.
2. Ponto de **situação na fronteira POCTEP** sobre como o efeito fronteira se potencia para a proteção e desenvolvimento do património natural e cultural transfronteiriço na fronteira Espanha-Portugal.





COMO SE ESTÁ POTENCIANDO O EFECTO  
FRONTEIRA NA PROTECCIÓN E DESENVOLVEMENTO  
DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL  
TRANSFRONTEIRIZO EN EUROPA

José Palma Andrés

Ana Ladeiras

Mónika Komádi

Massimiliano Gini

Kostas Karamarkos

Peeter Unt

**EXPERTOS TEMÁTICOS:**

- José Palma Andrés

*Coordinador do grupo de expertos – Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular*

- Ana Ladeiras

*Asociación Ibérica de Municipios Ribereños del Río Duero*

- Mónika Komádi

*SRL sen fins de lucro Rexión Vinícola de Tokaj*

- Massimiliano Gini

*Axencia para o desenvolvemento de Empolese Valdelsa*

- Kostas Karamarkos

*Fondo de Desenvolvemento Rexional / Rexión de Macedonia Occidental*

- Peeter Unt

*Centro Peipsi para a Cooperación Transfronteiriza*

- Bogdan Georgescu

*Asociación para o Desenvolvemento Intercomunitario do Condado de Satu Mare*

- Tomas Raboch

*Axencia para o Desenvolvemento Rexional da Rexión de Pilsen*



## SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN.....	15
1.1. Por que a UE está intervindo nas zonas transfronteirizas e debería seguir facéndoo .....	15
1.2. Como perciben a intervención da UE os axentes das zonas fronteirizas? (Resultados dunha enquisa electrónica realizada en 7 zonas fronteirizas da Unión) .....	20
2. PUNTO DE SITUACIÓN .....	21
2.1. Patrimonio cultural transfronteirizo .....	21
2.1.1. Relevancia para o desenvolvemento da fronteira.....	25
2.1.2. Obstáculos principais e ámbitos de mellora.....	28
2.1.3. Prácticas recomendadas .....	31
2.2. Patrimonio natural transfronteirizo.....	37
2.2.1. Relevancia para o desenvolvemento fronteirizo .....	41
2.2.2. Dificultades principais e ámbitos de mellora .....	43
2.2.3. Prácticas recomendadas .....	45
2.3. Turismo transfronteirizo .....	51
2.3.1. Relevancia para o desenvolvemento fronteirizo .....	51
2.3.2. Dificultades principais e ámbitos de mellora .....	55
2.3.3. Prácticas recomendadas .....	58
3. O PAPEL E O APOIO DOS PROGRAMAS INTERREG A .....	65
3.1. Intensidade e calidade do seu apoio à protección e valorización do patrimonio natural e cultural transfronteirizo.....	65
3.2. Avaliación das autoridades de gestión e secretariados conjuntos Vs. Avaliación dos beneficiarios e comunidades .....	70
4. CONCLUSÕES .....	79
4.1. Síntese de puntos fortes, oportunidades, puntos fracos e ameazas.....	79
4.1.1. Puntos fortes e oportunidades .....	80
4.1.2. Puntos fracos e ameazas .....	81
4.2. Recomendacións.....	82
4.2.1. Simplificación das regras e procedimentos .....	82
4.2.2. Gobernanza .....	83
4.2.3. As entidades criadas para o desenvolvemento de iniciativas para Cooperación Territorial Europea, Incluindo Cidades, Redes de Cidades e Áreas Metropolitanas deberán ter o dereito de ser asociadas à reflexión (definición de estratexias da Cooperación Territorial Europea e definición dos Programas Operacionais) .....	92
5. BIBLIOGRAFIA.....	94
6. ANEXOS.....	98

No marco do proxecto EPICAH (Efectividade dos Instrumentos Políticos para o Avance Transfronteirizo no Patrimonio), cofinanciado pola Unión Europea mediante o programa INTERREG EUROPA 2014-2020, nove socios de sete zonas transfronteirizas europeas, partindo da súa experiencia territorial e unha enquisa electrónica específica que abrangue tódalas fronteiras incluídas no proxecto, elaboraron este INFORME CONXUNTO sobre como o efecto fronteira debería considerarse unha oportunidade para potenciar o patrimonio transfronteirizo en Europa.

Os socios do proxecto son:

- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (PT)
- Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (ES)
- Asociación Ibérica dos Municipios Costeiros do Río Douro (ES)
- SRL sen fins de lucro Rexión Vinícola de Tokaj (HU)
- Axencia para o desenvolvemento de Empolese Valdelsa (IT)
- Fondo de Desenvolvemento Rexional / Rexión de Macedonia Occidental (EL)
- Centro Peipsi para a Cooperación Transfronteiriza (EE)
- Asociación para o Desenvolvemento Intercomunitario do Condado de Satu Mare (RO)
- Axencia para o Desenvolvemento Rexional da Rexión de Pilsen (CZ)

Este informe está dividido nos apartados que se indican a seguir:

- Capítulo 1 –Introdución. Pon de manifesto as seguintes cuestións:
  - o Os motivos polos que a UE está intervindo en zonas transfronteirizas e debería seguir facéndoo.
  - o Como perciben a intervención da UE os axentes das zonas transfronteirizas.
- Capítulo 2 – Punto de situación en Europa. Abrangue tres áreas:
  - o Patrimonio cultural transfronteirizo.
  - o Patrimonio natural transfronteirizo.
  - o Turismo transfronteirizo.

Ademais de comentarios sobre a súa “relevancia para o desenvolvemento das fronteiras”; “dificultades principais e ámbitos de mellora”, e suxerindo “prácticas recomendadas” en cada un dos aspectos.

- Capítulo 3 – Función e apoio dos programas Interreg A nos tres ámbitos mencionados anteriormente.
- Capítulo 4 – Resultados. Ofrece unha análise DAFO (puntos fortes, puntos débiles, oportunidades e obstáculos) de cada un dos tres ámbitos que abrangue o estudo, ademais dunha serie de recomendacións para o vindeiro período de programación da UE que empeza no ano 2021.



## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. Por que a UE está intervindo nas zonas transfronteirizas e debería seguir facéndoo


Cando a cooperación ocupou o terceiro lugar nos obxectivos da Política de Cohesión, a Unión Europea salientou a función primordial da cooperación territorial na construción dunha zona europea común, propiciando o feito de que as fronteiras non son barreiras físicas senón lugares onde a xente pode compartir experiencias, e que traballar na consecución de obxectivos comúns pode ser unha realidade tanxible.

Hoxe en día a cooperación territorial europea é o instrumento principal para potenciar a completa realización do mercado único. Debemos ter en conta que as rexións transfronteirizas interiores e os territorios marítimos son actualmente as rexións da Unión Europea onde se percibe a necesidade de lograr un mercado único na súa totalidade. A cooperación territorial europea tamén se percibe como a principal resposta ante a necesidade de crear unha cidadanía europea efectiva sentida polos cidadáns europeos nas súas vidas cotiás.

A Política de Cohesión, como outras políticas de investimento da Unión Europea, é un dos compoñentes importantes da resposta ante a presente crise económica e financeira e os principais retos actuais: o fenómeno emerxente do ultranacionalismo e os movementos populistas antidemocráticos, a presión da emigración, a globalización, o cambio climático, a demografía, etc. Pero tamén é un elemento primordial na resposta a estes retos así como a principal resposta da Unión Europea ante a necesidade de afondar na cada vez máis necesaria construción dunha cidadanía europea efectiva e inclusiva.

A Unión Europea é un territorio que comprende moitos países e, polo tanto, moitas fronteiras nacionais. Entre os 28 Estados Membros e Noruega, Suíza, Lichtenstein e Andorra, hai preto de 40 fronteiras terrestres e 17 fronteiras marítimas.

Aproximadamente 150 millóns de europeos (as rexións fronteirizas corresponden a un 20% do territorio europeo) viven nestas rexións (o que equivale a un 37,5% da poboación da Unión Europea).



Gráfica 1: mapa das rexións fronteirizas terrestres e marítimas nos 28 estados internos da UE e fronteiras da AELC  
Fonte: elaboración propia

A principios dos anos noventa, coa introdución do Mercado Único, admitiuse que estas rexións e os seus cidadáns poderían potencialmente experimentar unha perda do emprego debido á desaparición de moitos postos de traballo relacionados coa actividade na fronteira, por exemplo na administración de alfándegas ou nos sectores de transporte e loxística.

Nese momento, a Unión Europea estableceu un instrumento financeiro para facer posible que as rexións fronteirizas puidesen cooperar de maneira máis estreita no obxectivo de explotar o seu potencial común para paliar as posibles perdas mencionadas anteriormente. Daquela foi creada a iniciativa Interreg. Actualmente, esta iniciativa converteuse nun obxectivo de pleno dereito na Política de Cohesión da Unión. No período que abrangue os anos 2014-2020, aproximadamente uns seis mil millóns de euros procedentes do Fondo de Desenvolvemento Rexional Europeo (FEDER) foron investidos ó longo das fronteiras internas europeas. Miles de proxectos reciben apoio financeiro para explotar mellor o potencial das rexións fronteirizas e superar as dificultades actuais como a reducida accesibilidade, a falta de atención médica ou ben as infraestruturas educativas.

O obxectivo da cooperación transfronteiriza europea é afrontar retos comúns identificados de maneira conxunta nas rexións fronteirizas e explotar o potencial de crecemento aínda non aproveitado nas zonas transfronteirizas; todo isto mentres se amplía o proceso de cooperación coa finalidade de fomentar o desenvolvemento harmonioso global da Unión.

A Cooperación Territorial Europea, máis coñecida como Interreg, é un dos dous obxectivos da Política de Cohesión e proporciona un marco para a execución de accións conxuntas e políticas de intercambio entre axentes nacionais, rexionais e locais dos diferentes Estados Membros. O obxectivo fundamental da Cooperación Territorial Europea é promover un desenvolvemento harmonioso da Unión na súa totalidade a nivel económico, social e territorial. Interreg está constituída ao redor de tres vertentes de cooperación: transfronteiriza (Interreg A), transnacional (Interreg B) e interrexional (Interreg C). Cinco períodos de programación de Interreg foron desenvolvéndose consecutivamente: INTERREG I (1990-1993) - INTERREG II (1994-1999) - INTERREG III (2000-2006) - INTERREG IV (2007-2013) - INTERREG V (2014-2020).

Durante o período 2007-2013 leváronse a cabo 60 programas de cooperación transfronteiriza cunha asignación de seis mil millóns de euros (dos que se gastaron o 60%), nos que se integraron unha ampla variedade de actividades ligadas co desenvolvemento da cooperación transfronteiriza. No período 2014-2020 desenvolvéronse o mesmo número de programas cunha asignación de 6,6 mil millóns de euros.

Os programas de cooperación transfronteiriza apoian rexións NUTS III limítrofes ou ben situadas directamente nas fronteiras. Están xestionadas mediante estruturas conxuntas situadas nun dos países, que é responsable do programa na súa totalidade.

O quinto período de Interreg (2014-2020) baséase en 11 obxectivos temáticos establecidos no Regulamento FEDER que contribúen á execución da Estratexia Europa 2020 para o crecemento inclusivo, intelixente e sostible. Polo menos, un 80% do orzamento destinado a cada programa de cooperación ten que centrarse nun máximo de 4 obxectivos temáticos entre as once prioridades da Unión Europea:





Gráfica 2: 11 (once) prioridades de investimento

Fonte: [http://ec.europa.eu/regional\\_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/](http://ec.europa.eu/regional_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/)

O quinto período de programación de Interreg conta cun orzamento de 10,1 mil millóns de euros investidos en aproximadamente 100 programas de cooperación entre rexións e socios territoriais, sociais e económicos. Este orzamento tamén inclúe a asignación FEDER destinada aos Estados Membros para participar nos programas de cooperación fronteiriza externa da Unión Europea apoiados por outros instrumentos.

([http://ec.europa.eu/regional\\_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/outside-the-eu](http://ec.europa.eu/regional_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/outside-the-eu)).

TRANSFRONTEIRIZO	TRANSNACIONAL	INTERREXIONAL
<p>*60 programas transfronteirizos – Interreg V-A- desenvolvidos ao longo de 38 fronteiras internas da Unión Europea. Contribución FEDER: 6,6 mil millóns de euros.</p> <p>*12 IAP transfronteirizos: Instrumento de Axuda de Preadhesión e Instrumentos Europeos de Veciñanza.</p> <p>*16 ENI transfronteirizos (Instrumento Europeo de Veciñanza): Cooperación e Desenvolvemento Internacional.</p>	<p>*15 programas Transnacionais – Interreg V –B- que abranguen áreas de cooperación máis amplas como por exemplo o Mar Báltico, as rexións alpinas e mediterráneas. Contribución FEDER: 2,1 mil millóns de euros.</p>	<p>*O programa de cooperación interrexional, Interreg Europa, e 3 programas de creación de redes (Urbact III, Interact III e ESPON) abranguen os 28 Estados Membros da Unión Europea. Proporcionan un marco para intercambiar experiencias entre entidades rexionais e locais nos distintos países. Contribución FEDER: 500 millóns de euros.</p>



Gráfica 3: cifras principais de Interreg 2014-2020

Fonte: [http://ec.europa.eu/regional\\_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/](http://ec.europa.eu/regional_policy/en/policy/cooperation/european-territorial/)

Os tres obxectivos temáticos que se poden aplicar ao patrimonio cultural e natural e tamén ao turismo son os obxectivos temáticos 3, 5, 6 (en particular o derradeiro), tal e como se describe a continuación:

### OBJECTIVO TEMÁTICO 3 – CONCORRENCIA DE PYMES

#### Estes investimentos axudarán ás PYMES a:

- Ter acceso a financiamento mediante subvencións, préstamos, garantías de préstamo, capital de risco, etc.
- Beneficiarse de apoio empresarial específico, por exemplo, experiencia e asesoramento, información e oportunidades para establecer redes, asociacións transfronteirizas.
- Mellorar o acceso a mercados globais e cadeas de valor internacionais.
- Explorar novas fontes de crecemento como a economía ecolóxica, o turismo sostible, os servizos sanitarios e sociais incluída a "economía prateada" e as industrias culturais e creativas.
- Investir en capital humano e organizacións que proporcionen sistemas de formación e educación profesional con orientación práctica.
- Forxar vínculos valiosos con centros de investigación e universidades para promover a innovación.

#### Para o período de programación 2014-2020:

O turismo non se incluíu dentro dos obxectivos temáticos na normativa relativa aos Fondos Estruturais e de Inversión Europeas (EIE) xa que constitúe un medio ou ben un sector máis que un obxectivo. Con todo, existen moitas posibilidades para realizar investimentos intelixentes no sector do turismo que están previstas na normativa.

A Comisión publicou unha guía temática relativa aos investimentos turísticos. Recomendase que estes investimentos

- se axusten a un ou varios dos obxectivos temáticos e prioridades de investimento.
- sexan coherentes coa análise DAFO das operacións nacionais/rexionais/transnacionais relevantes.
- estean focalizados na mellor valorización dos activos turísticos culturais e locais,
- impulsen a diversificación e innovación de servizos, procesos e produtos así como a especialización en nichos de mercado para superar a dependencia do baixo valor engadido, o traballo temporal e garantir a actividade económica e o emprego fóra da tempada turística.
- Debería prestarse unha atención especial para mellorar e triplicar a capacidade de excelencia, innovación e internacionalización das PYMES e grupos, actividades de agrupación ou transagrupación mediante o incremento de vínculos externos e internos.
- Xa que unha das vantaxes particulares do sector turístico é que as barreiras para entrar no mercado son máis ben baixas, deberíase facer fincapé en apoiar a creación de novas empresas e potenciar o espírito empresarial.



## OBXECTIVO TEMÁTICO 5 – ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO E PREVENCIÓN DE RISCOS

A Política de Cohesión desempeña un papel fundamental no apoio dos esforzos relativos á prevención de riscos coa finalidade de adaptarse aos impactos presentes e futuros do cambio climático. Apoa medidas de adaptación promovendo enfoques baseados nos ecosistemas, desenvolvendo novas infraestruturas ou ben modernizando infraestruturas actuais. Ademais, contribúe no desenvolvemento da resiliencia ante os desastres a nivel rexional e local así como ante outros tipos de riscos. Mediante os investimentos realizados neste obxectivo, que ascenden a 8 mil millóns de euros, a Política de Cohesión pode abordar distintos tipos de riscos, estean ou non relacionados coa adaptación ao cambio climático. O foco máis importante é a prevención de asolagamentos.

Os investimentos procedentes dos fondos da Política de Cohesión permiten tratar riscos específicos mediante a resiliencia ante o desastre e os sistemas de xestión de desastres. Por exemplo, medidas para abordar a “brecha de coñecementos” tales como a necesaria investigación académica, estudos e informes, desenvolvemento de estratexias, o apoio das TIC ou ben medidas educativas e de sensibilización poden ser cofinanciadas.

Onde van os investimentos?

Moitas actividades destinadas a apoiar a xestión e a prevención de riscos poden ser financiadas, incluídas as seguintes:

- Desenvolvemento de estratexias e plans de emerxencia,
- Reforzo da coordinación, vixilancia e sistemas de detección anticipada,
- Campañas de sensibilización e educación,
- Defensa costeira e contra asolagamentos,
- Protección contra incendios forestais e outros incendios,
- Equipamento para unidades de protección civil,
- Solucións baseadas no ecosistema ou
- Resiliencia ante o desastre e adaptación ao clima das infraestruturas públicas.

## OBXECTIVO TEMÁTICO 6 – MEDIO AMBIENTE E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Os fondos EIE contribúen a protexer e preservar os recursos naturais tales como a auga, a natureza e a biodiversidade, o aire puro ou as materias primas. A Política de Cohesión tamén promove os investimentos que impulsan a aplicación de políticas relativas á natureza e biodiversidade da Unión Europea, en particular mediante Directivas de Hábitats e Aves e reforzando a rede Natura 2000 de áreas protexidas. Ademais, durante a planificación da Política de Cohesión 2014-2020, fíxose especial fincapé no apoio da infraestrutura verde (por exemplo, chairas aluviais, paredes e tellados vexetais) especialmente nas cidades.

Así mesmo, a Política de Cohesión tamén contribúe ao ecoturismo mediante a conservación, protección, promoción e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural. Estanse a tomar medidas para mellorar o medio urbano, revitalizar as cidades, rexenerar e descontaminar zonas industriais abandonadas, reducir a contaminación atmosférica e promover medidas para reducir a contaminación acústica. Tamén apoia a transición industrial cara a unha economía que utilice os recursos de forma óptima, fomentando o crecemento ecolóxico, a ecoinnovación e a xestión medioambiental nos sectores públicos e privados.

De acordo co Artigo 3 da normativa FEDER (Regulamento No 1301/2013) o apoio aos investimentos relativos á infraestrutura turística e cultural só se aplica a pequena escala. A Comisión considera que un investimento en infraestruturas construídas é a pequena escala cando o custo total equivale ou é superior a 5 millóns de euros; este límite se incrementa a 10 millóns de euros no caso de infraestruturas que se consideran patrimonio mundial cultural, tal e como se establece no Artigo 1 da convención de 1972 relativa á protección do patrimonio mundial cultural e natural clasificado pola UNESCO (Posición da Comisión en infraestruturas a pequena escala [Ref. Ares(2015) 481089 - 05/02/2015]). A Comisión está planificando o incremento dos devanditos límites.

A evolución do programa indica que existe unha crecente preocupación e interese por parte dos socios e os socios potenciais no tocante ao tema do patrimonio natural e cultural. Este interese non só se relaciona coa protección do medio ambiente en particular, tamén ten que ver co potencial para o desenvolvemento. De feito, a natureza e a cultura asociadas coa promoción turística poden ter un impacto positivo na sostibilidade do desenvolvemento nas áreas fronteirizas mediante a posible creación de postos de traballo sostibles que contribuirán a fixar a poboación e o desenvolvemento colateral de outras actividades tales como a agricultura local, a economía circular e o uso local dos bosques.

## 1.2. Como perciben a intervención da UE os axentes das zonas fronteirizas?

### (Resultados dunha enquisa electrónica realizada en 7 zonas fronteirizas da Unión)

O 17 e 18 de maio do ano 2017, o Comité Directivo do proxecto EPICAH realizou unha enquisa electrónica dirixida aos axentes de cooperación transfronteiriza en cada unha das 7 rexións fronteirizas en cuestión. O obxectivo da enquisa era obter unha opinión informada acerca do estatus rexional da xestión e desenvolvemento do patrimonio natural e cultural transfronteirizo. A enquisa tivo lugar entre os meses de xullo e setembro do ano 2017.

No proxecto EPICAH participan 7 destes territorios transfronteirizos en Europa: España-Portugal, Italia-Francia, Estonia-Letonia, Alemaña-República Checa, Hungría-Romanía, Hungría-Eslovaquia e Macedonia Occidental en Grecia. O seu obxectivo é valorar a situación actual, identificar as dificultades principais e definir as posible áreas de mellora.

Ante todo, deberían introducirse algúns comentarios acerca da calidade da enquisa e as respostas recibidas. Houbo unha cantidade significativa de enquisados (179) procedentes de tódalas rexións implicadas e non todos tiñan un coñecemento administrativo profundo do instrumento político.

Outra conclusión relevante que se pode observar é que existe unha diferenza notoria entre as respostas das Autoridades de Xestión, as Secretarías Conxuntas, os organismos intermedios e as respostas dos candidatos: a mentalidade do primeiro grupo case sempre se sitúa nunha perspectiva máis optimista cá do segundo grupo.

No que respecta á asignación dos recursos, resulta relevante que unha porcentaxe significativa dos enquisados non son conscientes da cantidade exacta ou aproximada de fondos dedicados ós tres temas tratados (Patrimonio Cultural e Natural transfronteirizo e turismo transfronteirizo). Isto non se debe necesariamente á falla de información xa que é posible que escollan a opción “non sei” por outro motivo totalmente diferente, por exemplo se aínda non hai ningún financiamento previsto para un determinado tema. Tamén pode ser que non estean seguros acerca das súas necesidades concretas ou das necesidades concretas da súa zona fronteiriza nun determinado campo.

A enquisa de EPICAH tamén puxo de manifesto que (e tamén se presenta como un tema transversal nos seguintes apartados) a importancia da actividade turística é unha ferramenta para a protección, a valorización e a promoción do patrimonio cultural e natural.



O turismo se presenta case como o único medio para mellorar e difundir o coñecemento sobre o patrimonio e os valores de identidade das rexións e a única actividade capaz de rendibilizar os investimentos feitos na súa promoción e conservación.

Por último, a cuestión principal do debate que se presenta nos capítulos seguintes é que as fronteiras administrativas aínda teñen demasiada importancia na xestión do patrimonio cultural e natural transfronteirizo a pesar de que os bens patrimoniais teñen os seus propios límites e que eses límites normalmente non se corresponden cos administrativos. Neste contexto, un dos principais retos para mellorar os instrumentos políticos do proxecto EPICAH (principalmente os programas da UE) é a cuestión de como se debería abordar – mediante a cooperación- a eliminación do efecto de fronteira e os custos derivados do contexto fronteirizo, no obxectivo da xestión do patrimonio cultural e natural transfronteirizo.

## 2. PUNTO DE SITUACIÓN

### 2.1. Patrimonio cultural transfronteirizo


No ámbito da cultura, os Estados Membros individuais da Unión Europea son responsables da planificación e execución das súas propias políticas e polo tanto, a axenda da Comisión Europea redúcese para afrontar os retos comúns: fomentar a diversidade cultural, protexer o patrimonio cultural contribuíndo á mobilidade dos profesionais da cultura e apoiando a contribución de industrias culturais e creativas como elementos primordiais para impulsar o crecemento e a creación de postos de traballo na UE (por exemplo, 2015-2018 Plan de Traballo para a Cultura, Axenda Europea da Cultura, Europa Creativa, Comunicación Conxunta cara a unha estratexia da Unión Europea para as relacións internacionais culturais).

Estes obxectivos tamén coinciden coa estratexia e os acordos internacionais de Europa 2020, como por exemplo a Convención das Nacións Unidas sobre a Protección e Promoción da Diversidade nas expresións Culturais.

Neste sentido, protexer e preservar o patrimonio cultural de Europa é un asunto particularmente importante.

Tendo en conta os datos publicados na páxina web da UNESCO no ano 2014, o 48% dos Sitios Patrimonio da Humanidade da UNESCO están localizados en Europa e Norte América, mesmo cando a súa poboación só representa o 16% da poboación mundial. (Gráfica 4) O Patrimonio Cultural Europeo é unha mestura de valores e expresións culturais, artísticas e creativas que forman no seu conxunto a herdanza e o legado común europeo.

Unha distinción común e a diferenza entre o patrimonio cultural material e inmaterial (ICOMOS 2002). Segundo a definición de patrimonio cultural achegada pola UNESCO, considérase que o patrimonio cultural material comprende os bens inmoables (monumentos, sitios arqueolóxicos, etc), os bens móbiles (cadros, esculturas, moedas, manuscritos, etc) e o patrimonio cultural subacuático (restos de naufraxios, ruínas e cidades somerxidas); pola contra, o patrimonio cultural inmaterial inclúe tradicións orais, rituais, artes escénicas, etc.



**Gráfica 4:** Distribución por continentes do patrimonio mundial e o patrimonio cultural inmaterial.  
**Fonte:** Martin Grandjean

Así mesmo, con motivo da presentación oficial do Ano Europeo do Patrimonio Cultural 2018 no portal oficial da UE (Europa.eu), foi publicada unha definición moito máis ampla do concepto de patrimonio cultural que salienta a dimensión e o valor universal do patrimonio cultural para os individuos, as comunidades e as sociedades, ademais da necesidade de que todos eles contribúan á súa preservación para as xeracións futuras. Con este enfoque pódense identificar as seguintes formas e manifestacións do patrimonio cultural.

<b>MATERIAL</b>	Edificios, monumentos, artefactos, roupa, arte, libros, máquinas, cidades históricas, sitios arqueolóxicos
<b>INMATERIAL</b>	Prácticas, representacións, expresións, coñecemento, destrezas e os instrumentos, obxectos e espazos culturais asociados que a xente valora (incluído o idioma e as tradicións orais, as artes escénicas, prácticas sociais e artesanía tradicional)
<b>NATURAL</b>	Paisaxe, flora e fauna
<b>DIXITAL</b>	Os recursos que se crearon en formato dixital (por exemplo arte ou animación dixital) ou que foron dixitalizados para conservalos (incluídos textos, imaxes, vídeos e arquivos)



Tendo en conta as definicións anteriores, os recursos culturais son moito máis que simples recursos que poden contribuír ao crecemento económico; o patrimonio cultural e os recursos reflicten a historia global e local, a cultura, as tradicións e a ética, configuran as identidades das persoas, definen e inspiran as vidas da xente mentres que a súa conservación para as xeracións futuras pode asegurar o crecemento sostible. Tamén resulta evidente que hai un vínculo directo entre o patrimonio cultural, a promoción dos recursos e a valorización co crecemento do turismo sostible. As accións principais da Unión Europea no que respecta ao patrimonio cultural son as seguintes:

- O Título de Capital Europea da Cultura é unha iniciativa que xurdiu no ano 1985 promovida pola Ministra Grega de Cultura Melina Mercouri e que polo de agora foi concedido a 58 cidades da Unión Europea. De acordo co Documento de Presentación Oficial da Iniciativa (dispoñible en [https://ec.europa.eu/programmes/creative-europe/actions/capitals-culture\\_en](https://ec.europa.eu/programmes/creative-europe/actions/capitals-culture_en)), a idea consiste en situar as cidades no corazón da vida cultural a través de toda Europa. Mediante a cultura e a arte, as Capitais Europeas da Cultura melloran a calidade da vida nesas cidades e reforzan o seu senso de comunidade. Os cidadáns poden participar nas actividades que se celebran ao longo do ano e xogar un papel máis importante no desenvolvemento e a expresión cultural da súa cidade.
- Os Días do Patrimonio Europeo permiten acceder gratuitamente a uns 20 millóns de persoas cada ano a sitios que abren en ocasións excepcionais e acontecementos únicos
- O Premio da Unión Europea para o Patrimonio Cultural recompensa os mellores logros acadados no coidado do patrimonio nos ámbitos de conservación, investigación, dedicación á causa, educación, formación e sensibilización.
- O Selo de Patrimonio Europeo complementa a Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO centrándose nos elementos culturais relacionados cos valores e a historia europea e non simplemente na estética.

Ademais, ao longo do ano 2018, a Unión Europea vén celebrando a diversidade do patrimonio cultural en toda Europa, a nivel nacional, rexional e local na UE, caracterizando o ano 2018 como o Ano Europeo do Patrimonio Cultural. A finalidade deste acontecemento é animar a máis xente para que descubran o patrimonio cultural de Europa e se comprometan con el reforzando o sentido de pertencer a un espazo común europeo. O slogan para o ano “O noso patrimonio: onde o pasado atopa o futuro” ilustra aínda máis a dimensión sostible do patrimonio cultural.

A cultura tamén se atopa entre os temas principais de case tódalas estratexias macro-rexionais en Europa. Na Estratexia da Unión Europea para a Rexión do Mar Báltico (EUERMB), o Ámbito Político “Cultura” céntrase nos sectores e nas industrias culturais e creativas na rexión do Mar Báltico. Na Estratexia da Unión Europea para a Rexión do Danubio (EUERD), o obxectivo da Área de Prioridade 3 é fomentar a cultura e o turismo, as relacións entre as persoas”, mentres que a finalidade da Acción 6 da Estratexia Europea para a Rexión Alpina é preservar e valorizar os recursos naturais, incluídos os recursos culturais e a auga. Por último, a Estratexia da Unión Europea para a Rexión Adriática-Xónica aborda a valorización dos recursos culturais “indirectamente” no tema do turismo (Tema 9 “Oferta turística diversificada (produtos e servizos) & 10 Xestión turística sostible e responsable / innovación e calidade).

No período de programación previo, o FEDER asignou 3,2 mil millóns de euros para a protección e preservación do patrimonio cultural, o que non resulta sorprendente, xa que na súa normativa se menciona este tema entre as máximas prioridades de investimento no obxectivo “Preservación e protección do medio ambiente e fomento do aproveitamento eficaz dos recursos”.

Tamén se debería observar que entre o período 2007-2013 a UE investiu unha cantidade total de 6 mil millóns de euros nos sectores culturais e creativos, dos que 3 mil millóns foron destinados á protección e preservación do patrimonio cultural, 2,2 mil millóns ao desenvolvemento das infraestruturas culturais e 775 millóns de euros investíronse no apoio dos servizos culturais (InfoRegio, información dispoñible en [http://ec.europa.eu/regional\\_policy/en/policy/themes/culture/](http://ec.europa.eu/regional_policy/en/policy/themes/culture/)).

Segundo o estudo “Inspirando a creatividade” publicado por Interact (novembro 2013), entre os anos 2007 e 2013, as rexións fronteirizas investiron o 11% do orzamento FEDER dispoñible de tódolos Programas de Cooperación Territorial Europea en proxectos culturais e creativos. Máis exactamente, a cantidade total de 1,019 mil millóns de euros foi destinada ó ámbito das artes (420 millóns de euros), turismo cultural (299 millóns de euros), industrias creativas (236 millóns de euros) e industrias culturais (64 millóns de euros).

A UE segue investindo en cultura no actual período de programación (2014-2020). Mentres que as autoridades nacionais e rexionais deben centrar a axuda do FEDER no apoio dos novos sectores culturais estreitamente ligados coa innovación e a creatividade, o programa marco da Comisión Europea denominado “Europa Creativa”, que está destinado a apoiar os sectores culturais e audiovisuais, ten un orzamento de 1,46 mil millóns de euros (un 9% máis cós seus predecesores: o Programa Cultural e o programa MEDIA, Europa Creativa).

Ademais, existen varias iniciativas e programas da Unión Europea que apoian o patrimonio cultural en distintas rexións e cidades como por exemplo INTERREG, URBACT, HORIZON, etc. O investimento de recursos nesta axenda está xustificado economicamente: o sector da cultura ten un impacto social e económico moi forte. Contribúe de forma significativa aos sectores da construción, a industria e o turismo entre moitos outros. O patrimonio cultural tamén pode axudar a destacar cidades e rexións atraendo persoas con talento e investimentos. Por outra banda, a promoción e o entendemento da diversidade cultural contribúe a fomentar a inclusión e integración social, a Cidadanía Europea, a cooperación transnacional e a cohesión territorial, especialmente nos casos de zonas transfronteirizas. O feito de que 2018 será o Ano Europeo do Patrimonio Cultural destaca a importancia desta área aínda máis.

Tendo en conta os feitos mencionados anteriormente, resulta evidente que a protección, preservación e promoción do patrimonio cultural é unha das prioridades da axenda de cooperación transfronteiriza. Entender e fomentar a diversidade cultural transfronteiriza é aparentemente unha cuestión transversal que podería reforzar e facilitar a cohesión e a cooperación territorial en tódolos niveis e sectores. Por suposto que actualmente hai distintas percepcións relativas á cultura e ás fronteiras; ás veces a cultura é unha ponte que acerca as comunidades e noutras ocasións é a cuestión principal do conflito, o obstáculo principal para cooperar. Nestas rexións, protexer, xestionar e valorizar o patrimonio cultural debería ser unha meta común e un esforzo conxunto entre os países veciños.





Enténdese que o patrimonio cultural transfronteirizo son os bens culturais (materiais e inmateriais) que son compartidos polas rexións fronteirizas e xestionados/posuídos por entidades situadas en distintos lados da fronteira; o que fai indispensable que exista unha cooperación entre elas para asegurar a súa protección e a correcta conservación.

### 2.1.1. Relevancia para o desenvolvemento da fronteira

Tal e como se indicou anteriormente, o patrimonio cultural, e a cultura en xeral, teñen múltiples usos e aplicacións en diferentes aspectos da vida. Antes de tratar os principais problemas de xestión e as oportunidades, é importante centrarnos en algúns dos impactos positivos - cualitativos e cuantitativos- que resultan cando se lle presta unha atención axeitada ao patrimonio cultural transfronteirizo.

#### Contribución ao PIB crecemento, emprego, desenvolvemento local e rexional.

No ano 2012, os sectores culturais e creativos fixeron alarde de ter conseguido 535,9 mil millóns de euros do valor engadido ó PIB, que representaba un 4,2% do PIB da UE (“Creando crecemento: medindo os mercados culturais e creativos na UE”, EY decembro 2014).


O sector creceu de xeito máis rápido cá economía xeral, polo tanto converteuse nunha forza motriz do desenvolvemento en Europa. En xeral, o patrimonio cultural tórnase nun instrumento poderoso no desenvolvemento económico e territorial dunha comunidade cando se promove e valora axeitadamente, a miúdo no contexto do turismo. O turismo mundial vén experimentando un incremento considerable ao longo dos últimos anos, e este fenómeno pode que siga expandíndose no futuro. O turismo centrado no patrimonio representa un importante potencial para o desenvolvemento económico nacional e local xa que pode ser unha fonte de moitos tipos de beneficios financeiros: entradas a lugares de interese e museos, visitas guiadas, venda de artesanía, documentos e fotos, o desenvolvemento do sector artesanal, o sector hoteleiro, o transporte e os servizos de restaurantes ou taxas locais.

O emprego relacionado co sector da cultura tamén experimentou un crecemento máis rápido có emprego total e xeralmente cunhas características máis “atípicas”, predicindo o emprego do futuro: emprego flexible, baseado en proxectos que esixe mobilidade e altas cualificacións. A preservación do patrimonio cultural xera novas oportunidades de emprego nas áreas de rehabilitación e mantemento (para os artesáns locais e as empresas de construción), investigación e xestión (para os investigadores, administradores, profesionais da comunicación e da mercadotecnia, xardineiros e gardiáns, etc.) e en moitas outras áreas. No ano 2012 os sectores culturais e creativos ofreceron aproximadamente 7 millóns de postos de traballo a tempo completo que representaban un 3,8% da UE.

No que respecta ao gasto en servizos públicos, o gasto destinado a cultura polos gobernos só ascende a un 1% dos gastos realizados polo goberno nos 28 estados membros da UE (62 mil millóns de euros no ano 2012); unha porcentaxe que non se modificou na década previa ao ano 2012 e que aínda queda moi lonxe da porcentaxe destinada a educación (10,7%).

O desenvolvemento baseado na cultura poder ter un efecto estimulador na creatividade e no espírito empresarial, tanto en rexións “de converxencia”, isto é en áreas cun PIB per cápita por debaixo do 75% do PIB medio per cápita da UE, como en rexións máis competitivas. Dende unha perspectiva do desenvolvemento local, o sector creativo tende a ser socialmente responsable, inclusivo e respectuoso co medio ambiente; daquela, xera factores externos positivos, aglomeración e efectos colaterais que representan en conxunto unha elevada proporción do valor total e que está baseado nas asociacións entre as autoridades públicas, as organizacións culturais e os intereses empresariais. As zonas fronteirizas implicadas no proxecto EPICAH se poden beneficiar especialmente destes resultados xa que a maioría delas, coa excepción da zona fronteiriza Italia-Francia, pertencen a unha rexión de converxencia menos desenvolvida (Gráfica 5).

No nivel de cooperación transfronteiriza, o patrimonio cultural representa un ben para a cohesión fronteiriza e un valor engadido para a promoción e a diferenciación das rexións fronteirizas.



Gráfica 5: Clasificación das rexións da UE segundo o seu nivel de desenvolvemento.  
Fonte: Comisión Europea

Con todo, nas rexións fronteirizas, o sector cultural (incluídas as industrias creativas) non teñen o impacto económico (PIB, emprego e crecemento) que existe noutras rexións europeas; principalmente porque estes territorios parece que non teñen unha capacidade especial para atraer talentos, non hai poboación con niveis de cualificación elevados ou capacidade empresarial e están librando unha dura batalla cada día contra a perda e o envellecemento da poboación.

Neste contexto, o turismo emerxe como a principal ferramenta transfronteiriza para conseguir despreñar o potencial do patrimonio cultural para o desenvolvemento das rexións transfronteirizas.



Por outra banda, este mesmo potencial (especialmente no tocante ao patrimonio cultural compartido) está a miúdo limitado debido ás diferenzas existentes entre a lexislación relativa á protección e conservación e os múltiples requisitos administrativos e burocráticos que cada zona fronteiriza impón ao mesmo patrimonio compartido. A parte destes obstáculos, tamén hai que engadir a falla de recursos que deben afrontar a maioría das rexións fronteirizas, o que converte a preservación do patrimonio cultural nunha prioridade secundaria dos gobernos locais (reducindo a xeración de novas oportunidades de emprego).

Por ultimo, deberían mencionarse as dificultades que atopan as rexións fronteirizas para establecer asociacións de cooperación (entre entidades públicas e privadas e entre entidades públicas situadas a diferentes lados da fronteira), que se presentan na enquisa EPICAH como un dos obstáculos principais para a cooperación transfronteiriza.

#### **Contribución ao investimento, innovación social e benestar.**

A valorización do patrimonio cultural dunha cidade ou territorio constitúe un factor de atracción, non só para os turistas senón tamén para moitos investidores que poderían contribuír á economía local mediante a creación de novas industrias e a execución de proxectos de desenvolvemento. Pode que as tecnoloxías TIC eliminasen as distancias e as limitacións de tempo pero o asentamento físico aínda é un compoñente decisivo do éxito económico. As cidades e as rexións están competindo e unha das claves do seu atractivo é a súa oferta cultural.

A cultura tamén desempeña un papel primordial para xerar innovación social. A cohesión social implica ter normas e valores compartidos nunha sociedade que ten en conta a diversidade dos distintos ámbitos das persoas e lles ofrece as mesmas oportunidades. O patrimonio e as actividades culturais poden contribuír a expresar estes ámbitos mentres se desenvolven relacións positivas a pesar das diferenzas. Entre tanto, tamén poden abordar problemas sociais en diferentes áreas políticas: rehabilitación urbana, prevención do crime, saúde, protección medio ambiental, etc.

Ademais, o patrimonio cultural ofrécelle á xente da rexión ou do territorio unha forma de identidade colectiva. Como propiedade común, conta a súa historia e transmítese dunha xeración á seguinte: o mundo pode cambiar pero o patrimonio cultural é un elemento de estabilidade que axuda a facer fronte aos rápidos cambios da sociedade e entender o noso lugar no mundo. Conservar este patrimonio implica harmonía social e o recoñecemento e respecto mutuo de cada comunidade, que pode ser un factor determinante na execución dunha política de desenvolvemento sostible, especialmente cando dous ou máis países veciños están implicados.

A nivel transfronteirizo, debería observarse que as rexións fronteirizas a miúdo están lonxe dos centros de toma de decisións e representan o final da rede de comunicación, o que provoca que a accesibilidade e a situación fronteiriza sexa unha responsabilidade xa que, tal e como se mencionou anteriormente, o asentamento físico aínda é un compoñente decisivo para o éxito económico.

Así mesmo, as zonas fronteirizas non están explotando totalmente a capacidade de atracción dos bens culturais por dous motivos principais: parece que non son quen de desenvolver ofertas culturais comúns (baseadas no patrimonio cultural que comparten) e privilexian a promoción do seu propio patrimonio cultural sobre o patrimonio común (fomentando a competencia entre os dous lados da fronteira en vez de a cooperación).

Por último, debería destacarse a función primordial que desempeña a cultura na cohesión social nos territorios fronteirizos para promover un mellor entendemento de cada lado da realidade da fronteira e apoiar a creación dunha identidade fronteiriza/europea.

### 2.1.2. Obstáculos principais e ámbitos de mellora

Tendo en conta a singularidade do tema en cuestión, a enquisa electrónica de EPICAH representa unha relevante fonte de información para analizar os principais obstáculos e ámbitos de mellora dos instrumentos políticos que contribúen á protección, valorización e promoción do patrimonio cultural transfronteirizo.

No que respecta ao tema da cultura, os enquisados teñen que distinguir entre o patrimonio material (“bens móbiles” tales como cadros, esculturas, moedas e manuscritos; “bens inmóbiles” como monumentos e sitios arqueolóxicos; e “subacuáticos” como por exemplo restos de naufraxios, ruínas e cidades) e patrimonio inmaterial (tradicións orais, artes escénicas e rituais).

O obxectivo principal da enquisa era saber o nivel de cooperación transfronteiriza e a implicación dos instrumentos políticos na súa promoción. O nivel de cooperación transfronteirizo xeral amosa unha lixeira diferenza entre os temas principais: o turismo desempeña un papel fundamental, así pois no tema do patrimonio cultural o turismo baseado na cultura é unha prioridade entanto que a protección do patrimonio cultural ten un papel menos destacado. Se observamos o tema con maior detalle, os bens materiais están a miúdo excesivamente representados (probablemente debido a que resulta máis doado crear estratexias para protexelos), pero a atención céntrase principalmente nos monumentos e sitios arqueolóxicos.


Parece que o patrimonio subacuático fixo empeorar a puntuación media obtida na avaliación do patrimonio cultural en áreas fronteirizas, principalmente debido a que existen poucas fronteiras marítimas internas da Unión Europea (aproximadamente un 16% dos actuais programas Interreg A) e que este tema non resulta relevante para a maioría deles.

A enquisa tamén amosa que a cooperación pode estar influída considerablemente pola diversa estrutura de propiedade dos valores culturais: por exemplo, ás veces non é doado establecer unha cooperación entre un municipio pequeno e un gran museo.

En conxunto, os enquisados consideran que o nivel de cooperación relativo ao patrimonio cultural é bo ou cando menos suficiente, aínda que se queda atrás con respecto ás outras dúas áreas prioritarias.



A avaliación sobre a función dos instrumentos políticos na cooperación transfronteiriza é case igual (Gráfica 6), o que nos leva á cuestión de como se pode mellorar a función deses instrumentos políticos para favorecer a promoción e a protección do patrimonio cultural (especialmente dos bens culturais compartidos).



**Gráfica 6:** valoración do nivel global de cooperación transfronteiriza e a función dos instrumentos políticos analizados.  
**Fonte:** enquisa electrónica de EPICAH


Cando consideramos a asignación dos recursos, resulta interesante o feito de que unha porcentaxe significativa dos enquisados non son conscientes da cantidade exacta ou aproximada de fondos que se dedican á protección do patrimonio e ao turismo. Isto non se debe necesariamente á falta de información, xa que é posible que escollesen a opción “Non sei” por outros motivos diferentes, por exemplo, porque aínda non hai ningún financiamento previsto para un determinado tema.

Noutra parte da mostra da enquisa, considérase maioritariamente que as cantidades asignadas ao patrimonio cultural non son suficientes pero que o incremento das cantidades proposto resulta moi pequeno (máis ben pode interpretarse como unha dimensión ideal do proxecto) así que mesmo os enquisados que responderon esta parte do cuestionario non están seguros sobre as súas necesidades concretas, aínda que polo menos as recoñecen. As Autoridades de Xestión e as Secretarías Conxuntas tamén son máis receptivas e están máis satisfeitas co financiamento actual cós propios interesados (Gráfica 7).



**Gráfica 7:** opinións sobre o plan de financiamento dos instrumentos políticos.  
**Fonte:** enquisa electrónica EPICAH

Os enquisados tiñan que establecer prioridades entre as tres áreas analizadas e a primeira opción máis popular foi o patrimonio cultural. Xa que o nivel de cooperación nesta área parecía o menos destacado segundo as respostas previas, esta avaliación pode indicar que o obxectivo destas organizacións é incrementar este nivel concentrándose no tema que máis se pasa por alto. O turismo (a pesar do seu terceiro lugar) tamén está en alza, o que tamén resulta positivo para a protección do patrimonio cultural debido ao solapamento existente entre a cooperación e o desenvolvemento turístico e a utilización de valores culturais. En síntese, afortunadamente existe un interese definitivo e cuantificable no ámbito cultural da cooperación transfronteiriza (un 48,15% para a primeira prioridade, un 40,74% para a segunda e só un 11,11% para a terceira) segundo a enquisa EPICAH (Gráfica 8)



**Gráfica 8:** ámbitos nos que están interesados os enquisados no que respecta á cooperación transfronteiriza segundo a prioridade.  
**Fonte:** enquisa electrónica EPICAH

A razón de ser dalgúns dos enquisados é a existencia de problemas de cooperación transfronteiriza; así pois resulta comprensible que consideren que hai dificultades graves nas áreas relativas aos instrumentos políticos. Pero este non é o único motivo para que estas dificultades saian á superficie neste cuestionario: a actual experiencia de cooperación fai que o escepticismo ante a cooperación transfronteiriza diminúa, mais aínda non pode agochar os obstáculos existentes.

Hai outras limitacións que tamén comparten os outros dous ámbitos do estudo e que principalmente explican as dificultades para establecer unha cooperación transfronteiriza frutífera e efectiva na súa xestión. No Capítulo 4.1 Resultados (puntos débiles e obstáculos) están explicadas estas limitacións con todo detalle.



Aínda que se pode considerar que o patrimonio común cultural é unha base sólida para a cooperación transfronteiriza, cómpre mellorar algúns aspectos para poder preservalo e desenvolvelo de xeito eficaz máis alá das fronteiras:

- o marco legal é diferente en cada país. Isto afecta ao nivel de protección, ao sistema institucional ou aos recursos financeiros dispoñibles entre outros aspectos, e resulta particularmente importante no caso do patrimonio cultural transfronteirizo;
- as organizacións afectadas non sempre son conscientes dos beneficios derivados da conservación e o desenvolvemento común;
- ás veces, as asociacións entre organizacións culturais funcionan ad hoc, movidas por obxectivos financeiros e non por obxectivos comúns a longo prazo;
- algúns aspectos do patrimonio cultural (principalmente bens inmateriais) inclúen unha compoñente étnica que pode reforzar os conflitos transfronteirizos reais ou percibidos;
- o patrimonio cultural común debería utilizarse como un valor para establecer unha marca destino;

### 2.1.3. Prácticas recomendadas

Despois de examinar os obstáculos principais (reais ou imaxinarios) da cooperación transfronteiriza especialmente no ámbito do patrimonio cultural, deberíamos tomar nota dalgunhas experiencias satisfactorias que poñen de manifesto que a cooperación transfronteiriza non só é algo posible senón que é tamén unha tarefa que paga a pena e que reporta beneficios cuantificables. A identificación de zonas brancas e necesidades que se pasaron por alto previamente para concentrarse nestes aspectos pode ser unha lección axeitada que se pode aprender destas prácticas recomendadas.

#### Conexións Culturais Comúns.

Non hai dúbida de que un cambio de perspectiva pode axudar cando por exemplo hai que facer fronte a diferenzas interculturais e concorrencia. O proxecto de Conexións Culturais Comúns (CCC) do Reino Unido, Francia e España, cofinanciado nun 60% polo Programa Creativo Europeo da Unión Europea, demostrou este feito centrándose no patrimonio cultural compartido mediante unha exposición móbil innovadora.

O que se intentou foi destacar unha parte deste patrimonio que tiña moi pouca presenza: vestixios arqueolóxicos procedentes de sitios costeiros e mariños, moitos dos cales son ignorados debido á súa natureza “invisible” e o feito de que “ollos que non ven corazón que non sente”.

O proxecto chegou a novos públicos mellorando o acceso ao patrimonio cultural para persoas de tódalas idades, capacidades e ámbitos; pero o feito máis importante é que creou vínculos entre institucións dos países asociados para continuar aprendendo e intercambiando información sobre o tema, abordando e solucionando un dos problemas máis importantes anteriormente mencionados: a falta de unha cooperación estratéxica entre as institucións fronteirizas.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> <http://commonculturalconnections.maritimearchaeologytrust.org>

### **Réseau Tramontana (Rede Tramontana)**

Este proxecto continuou, ampliou e afondou nun proxecto en rede previo no que estaban implicadas oito organizacións asociadas dende Francia, Italia, Portugal e España.

Tamén se centraron nunha parte da súa cultura que a miúdo se ignora: o patrimonio oral.

O seu obxectivo era a documentación, o tratamento, a restitución e a divulgación dende as comunidades rurais e montañosas de Europa. Para acadar estes obxectivos, levaron a cabo 400 enquisas de campo, presentaron unha serie de publicacións e organizaron eventos culturais dirixidos pola comunidade dende unha perspectiva interdisciplinaria (tendo en conta a socio e etnolingüística, a antropoloxía, a historia, a etnomusicoloxía e coreoloxía, as paisaxes musicais e a arte contemporánea). O proxecto empezou no ano 2011 e foi financiado polo Programa de Cultura Europa Creativa da Unión Europea.<sup>2</sup>

### **Proxecto Contain (era)**

#### **A mobilidade europea e a transmisión de información materializada na era postinternet**

Facer fincapé en elementos compartidos non é o único xeito de superar as barreiras culturais: reafirmar a unidade europea salientando as nosas diferenzas tamén pode ser unha ferramenta igual de poderosa.

Neste proxecto oito contedores de transporte foron transformados en galerías móbiles e cada un deles proporcionaba o espazo para unha exposición multimedia dun artista contemporáneo procedente dun dos países participantes. Estas exposicións fixeron unha ruta que conectaba tódalas cidades participantes, presentando esta información artística sen ningún tipo de alteración procedente de influencias locais.

### **Conflito Europeo Reapropiación da Paisaxe Arqueolóxica**

A protección do patrimonio cultural tamén debe ter algún significado para o público xeral. Cando a xente está implicada nun proxecto cultural unha das consecuencias inevitables vai ser unha conexión e un coñecemento máis profundo do seu contexto cultural ademais de un sentimento de implicación persoal, o que pode impulsar aínda máis o enfoque ascendente (efecto IKEA).

Este proxecto trata o patrimonio de conflito (especialmente as Guerras Mundiais) como unha parte central da memoria colectiva de Europa. Ten un compoñente sociolóxico, ofrecendo unha intervención terapéutica mediante a transformación dos recordos traumáticos en recursos indispensables para a construción dunha identidade europea común.

Basicamente trátase de falar sobre reapropiación cultural: as convocatorias estaban orientadas a xoves profesionais creativos menores de 35 que tiñan que imaxinar interaccións innovadoras e sostibles entre este patrimonio cultural e as formas de arte contemporánea. Ofrecéronse premios ás mellores ideas e deseños para crear unha motivación adicional.

<sup>2</sup> [www.re-tramontana.org](http://www.re-tramontana.org)





Nunha nota á marxe, o proxecto tamén fomentaba a mobilidade transnacional. O proxecto foi executado entre os anos 2012-2014 e foi cofinanciado polo Programa Europa Creativa.<sup>3</sup>

### **Parol! escritura e arte máis alá das paredes, máis alá das fronteiras**

Seguindo o exemplo previo, pode resultar útil centrarse non só no público xeral senón tamén en grupos marxinais ou desfavorecidos, establecendo así unha conexión entre a conservación do patrimonio cultural e a inclusión social.

O obxectivo principal do proxecto mencionado anteriormente é o seguinte: escritores profesionais e artistas organizaron talleres creativos en 13 prisións en Bélxica, Grecia, Italia, Polonia e Serbia, sendo os conceptos de “fronteiras” e “patrimonio cultural” a fonte de inspiración. Os materiais creados foron intercambiados entre prisións europeas e espazos públicos para a súa difusión. Ademais de crear conciencia sobre o patrimonio cultural, o proxecto fomentou o traballo artístico, a conciencia intercultural, a responsabilidade social e a reintegración na sociedade.

O proxecto recibiu apoio financeiro baixo o Programa de Cultura da Unión Europea entre os anos 2013 e 2015.<sup>4</sup>

### **Os recursos arqueolóxicos no patrimonio cultural, un estándar europeo**

No ano 2008, o Europae Archaeologiae Consilium celebrou un simposio sobre sistemas de arquivo automáticos que revelou que moitos países membros compartían problemas comúns: a previsión de bos accesos aos arquivos arqueolóxicos, configurar e manter estándares de arquivos dixitais e importantes variacións na práctica de rexistro arqueolóxico.

Tal e como se indicou na enquisa EPICAH, a lexislación nacional (e o máis importante, as variacións segundo os países) pode ser un obstáculo para conseguir unha conservación óptima do patrimonio; así pois, a proposta do proxecto consistía en acordar unha serie de directrices comúns creando basicamente recomendacións conxuntas baseadas en determinados países, e establecer estándares específicos e documentos orientativos, para proporcionar estándares nas áreas onde antes non había ningún e por último guiar a aplicación destas normas compartidas en tódolos países participantes.<sup>5</sup>

### **ENBaCH**

Cando se creou este proxecto tiña unha natureza máis histórica. O patrimonio cultural europeo do século 17 aínda se pode detectar en moitos ámbitos diferentes da vida no continente: artes visuais, literatura, arquitectura, planos urbanos das cidades europeas, a estrutura e contidos das bibliotecas, os arquivos e museos, bens legais, etiqueta política e diplomática, modelos de matrimonio e as estruturas da familia, etc.

<sup>3</sup> <http://www.recall-project.polimi.it>

<sup>4</sup> <http://www.parol-art.eu/>

<sup>5</sup> <http://archaeologydataservice.ac.uk/arches>

En primeiro lugar, os socios recolleron datos históricos nestas áreas, mais isto non se pode considerar de por si ningún tipo de boa práctica xa que “tan só” foi investigación. O impacto moderno entra en acción cando deciden que deben levar a cabo un sistema de difusión integrado para acadar unha conciencia histórica máis profunda deste patrimonio cultural. Elaboraron un “kit” para xoves historiadores acerca de como chegar mellor ao (maioritariamente) público máis novo: organizando exposicións, circuitos turísticos e programas de radio entre outras cousas. Este esforzo conxunto non conectou institucións máis alá das fronteiras senón que creou unha institución completamente nova: a Rede Europea para o Patrimonio Cultural Barroco; unha organización de base que pode operar sen fronteiras.

O proxecto recibiu o apoio económico da Comisión Europea a través da Axencia Executiva para a Educación, o Sector Audiovisual e a Cultura (AEESAC) e foi executado entre os anos 2011-2013.<sup>6</sup>

#### **Programa transfronteirizo para o fomento das capacidades en Hungría-Eslovaquia 2007-2013**

Unha das áreas de intervención do Programa Transfronteirizo Hungría-Eslovaquia 2007-2013 foi o “Desenvolvemento conxunto da planificación de redes, sociedades, programas e proxectos e a xestión das capacidades”. Esta acción tiña como finalidade mellorar a efectividade e eficacia dos instrumentos políticos mediante a creación de redes e o fomento das capacidades. Algúns dos proxectos que reciben apoio abordan cuestións culturais (por ex. o establecemento dunha rede para o patrimonio cultural, a creación dun mapa de valor, o desenvolvemento de rutas de castelos, a planificación conxunta e o fomento das capacidades, etc.), implicando e mobilizando á organización responsable da protección do patrimonio.

As seguintes medidas estaban incluídas nas posibles actividades (en calquera ámbito temático relevante):

- desenvolvemento da institución: desenvolvemento de estruturas organizativas integradas e redes comúns de cooperación temática sostibles para desenvolver actividades rexionais conxuntas;
- harmonización dos plans e programas de desenvolvemento actuais, e elaboración de estratexias conxuntas,
- desenvolvemento da planificación conxunta de proxectos e capacidades de xestión, formación común para as organizacións no tocante a desenvolvemento de proxectos e capacidade de xestión;
- traballo de relacións públicas incluídos diferentes tipos de medios de comunicación para promover e desenvolver actividades transfronteirizas co público.<sup>7</sup>

#### **Proxecto “Seto – Suiti Renaissance”**

As dúas culturas étnicas, setos no sueste de Estonia e suiti na zona occidental de Kurzeme, son únicas. Actualmente setos e suiti seguen as mesmas pautas para conservar e desenvolver o seu patrimonio cultural.

<sup>6</sup> [www.enbach.eu](http://www.enbach.eu)

<sup>7</sup> <http://www.husk-cbc.eu/en>



O hábitat dos suiti na zona de Alsunga é unha pequena illa Católica Romana entre Luteranos, entanto que os setos son unha comunidade Ruso Ortodoxa situada preto da fronteira rusa. Os dous grupos étnicos son pequenos e as súas culturas están incluídas na lista do patrimonio cultural e intelectual da UNESCO. O século 21 supuxo unha especie de espertar para ámbalas comunidades e as súas rutinas diarias teñen moito en común. Teñen unha nova xeración entusiasta que se preocupa de conservar e transmitir o patrimonio. Actualmente están identificando a nosa arquitectura tradicional e levan cooperando de xeito regular dende o verán de 2013. Os Suiti foron invitados á universidade de verán de Setomaa para intercambiar coñecementos en distintos talleres. Por exemplo, faláron sobre a creación dun abecedario no dialecto nacional. Os Setos xa teñen un abecedario e están traballando na creación dun CD adxunto. Están creando materiais en inglés, introducindo a veciñanza. No verán do 2014 organizouse un campamento conxunto para nenos seto e suiti. Foron de visita e participaron nos eventos máis importantes de cada comunidade.

A cooperación social e cultural das dúas comunidades foi apoiada polo Instituto Seto, o municipio de Alsunga e o Centro Cultural Étnico Fundación “Suiti”.

### **Proxecto “Patrimonio Cultural”**

“Conservar o noso patrimonio é unha responsabilidade. Aínda que nós mesmos non o atopemos interesante deberíamos darlle aos nosos descendentes a oportunidade de lembrar o noso pasado histórico”. Este é o motivo polo que se creou a base de datos de Estonia-Letonia, que identificou máis de 35.000 obxectos só ao longo de Estonia. Foron escollidas 100 persoas para cartografar o patrimonio e para ensinarlles a atopar respostas a preguntas como “que é o patrimonio”. A parte máis importante de cartografar un patrimonio é comunicarse e traballar con outras persoas. É importante atopar a alguén que poida contar historias sobre as rochas, sendas ou as árbores locais para que a información se poida almacenar para as xeracións futuras. Os letóns empezaron a cartografar o seu propio patrimonio só medio ano despois. Organizaron a súa estratexia de xeito un pouco diferente, empregando máis medios modernos, e o resultado foi impresionante. A cooperación cos letóns enfocouse máis na conservación de obxectos do patrimonio cultural. Por exemplo, fixeron unha limpeza das ribeiras do río Koiva, buscaron sendas locais e puxeron sinalizacións viarias. A parte máis difícil na protección do patrimonio é educar e sensibilizar a xente. O feito de traballar na identificación de obxectos do patrimonio cultural achegou os participantes á natureza e ensinoulles a entender as conexións entre diferentes aspectos da vida. “Non sempre resulta doado identificar por ti mesmo o que os teus devanceiros deixaron atrás, especialmente cando o seu patrimonio data de tempos moi antigos”.

O proxecto para cartografar obxectos do patrimonio cultural foi executado en cooperación co Centro de Xestión Forestal Estatal de Estonia, a Reserva da Biosfera da zona norte de Vidzeme da Axencia Letona para a Conservación da Natureza e o Centro de Xestión Forestal Estatal de Letonia.

### **A ruta de St. Elizabeth no territorio dos Rákóczi**

O principal obxectivo deste proxecto que está financiado polo Programa de Cooperación Transfronteiriza Hungría-Eslovaquia 2007-2013<sup>8</sup>, consistía en incrementar as actividades turísticas na zona situada entre Sárospatak e Košice en ambos lados da fronteira.

A figura de St. Elizabeth é moi importante para os habitantes das dúas cidades. Naceu en Sárospatak e a Catedral en Košice leva o seu nome. A Fundación Ruta de St. Elizabeth foi establecida en Sárospatak co obxectivo de crear unha senda de peregrinación que vinculase este lugar coa igrexa gótica máis importante da conca dos Cárpatos en Košice (que se construíu na honra de St. Elizabeth). O proxecto creou unha ruta de peregrinación como un produto turístico común que empeza en Sárospatak e continúa a través das montañas Zemplén ata Košice coas seguintes poboacións: Bodrogaszi, Komlóska, Erdőhorváti, Regéc, Mogyoróska, Telkibánya, Hollóháza, Füzér, Nižná Myšľa e Kokšov-Bakša. A fundación emprendeu o proxecto para marcar a ruta entre Sárospatak e Košice coas súas propias sinalizacións turísticas (o emblema da rosa); organizou cinco talleres e orientou/formou organizacións, institucións e negocios que se sitúan na zona de peregrinación. Publicaron unha guía turística en catro idiomas para amosar os tesouros naturais e culturais ao longo do camiño e facilitáronlle información aos peregrinos nun sitio web. Despois de todo, a peregrinación non é só unha experiencia relixiosa e espiritual, tamén é unha oportunidade de aprender aspectos relativos á historia da rexión.

Os logros principais do proxecto foron a restauración de certas partes da Catedral de St. Elizabeth en Košice, a creación dunha nova ruta de peregrinación entre Sárospatak e Košice e a realización dunha guía turística conxunta.

Este enfoque integrado da cultura tamén se pode poñer en práctica noutras zonas fronteirizas onde un acontecemento histórico común ou unha determinada persoa pode ser identificada e respectada en ámbalas zonas.

### **Proxecto “Prespas”**

O proxecto “PRESPAS”<sup>9</sup> foi desenvolvido e executado durante a terceira convocatoria do Programa IAP 2007-2013 (Instrumento de Axuda de Preadhesión) para a Cooperación Transfronteiriza en Grecia e na antiga República Iugoslava de Macedonia, e en particular baixo a Prioridade 2. Promoción e Desenvolvemento dos recursos naturais e culturais do medio ambiente –Área de intervención 2.2 Promover e Protexer o patrimonio cultural e natural da zona.

O proxecto denominado “Novo Festival Prespa: as damas dos lagos de Prespa” tiña como obxectivo destacar o rico patrimonio cultural da zona e ampliar considerablemente as dinámicas contemporáneas mediante a introdución e o establecemento dunha nova institución, dun fito denominado o “Festival Internacional de Prespa”.

<sup>8</sup> <http://www.szenterzsebetut.hu>

<sup>9</sup> <http://prespas.eu/en/the-project>



Os socios do proxecto colaboraron estreitamente facendo especial fincapé en destacar o papel e a presenza das mulleres no patrimonio cultural e a promoción da zona mediante a introdución dunha serie de actividades e acontecementos como por exemplo “A traxedia e a música na antiga Grecia: un traballo en proceso”; a representación “Sangue antiga”; o espectáculo teatral e de danza “As damas do lago”; o concerto “As damas do lago”; a organización dun simposio internacional “Mulleres de Prespa- Mulleres do mundo”; e a produción dunha curtametraxe “Dende Florina ata Bitola: a alma feminina das terras situadas á marxe dos lagos”, entre outras actividades.

## 2.2. Patrimonio natural transfronteirizo

Os ecosistemas non respectan fronteiras políticas e a cooperación é esencial para xestionar os ecosistemas compartidos dun xeito eficaz, abordar o turismo transfronteirizo e outros asuntos de mutuo interese.

O establecemento de distintos tipos de acordos para acomodar as diferentes necesidades, unha comunicación importante entre os individuos e as organizacións implicadas nas cuestións transfronteirizas e un ambiente propicio que fomente a cooperación transfronteiriza son ingredientes esenciais para lograr o éxito.

As primeiras zonas de conservación transfronteiriza foron establecidas nos anos 30 en América do Norte e Europa. Con todo, só durante as últimas dúas décadas do século 20 se desenvolveron estes proxectos de conservación transfronteiriza en tódalas partes do mundo, incrementándose deste xeito o número de zonas protexidas designadas a nivel nacional.

O termo “patrimonio natural” empezou a ser utilizado nos Estados Unidos dun xeito máis amplo nos anos 70 pola organización benéfica medioambiental “The Nature Conservancy” (A conservación da natureza).

Na actualidade, a Organización Cultural, Científica e Educativa das Nacións Unidas (UNESCO) é o actor global máis importante no ámbito da protección do patrimonio cultural. A UNESCO ten por obxecto fomentar a identificación, protección e preservación do patrimonio cultural e natural en todo o mundo, que se considera un valor excepcional para a humanidade. Este feito está recollido nun tratado internacional denominado a Convención relativa á Protección do Patrimonio Cultural e Natural, que foi adoptado pola UNESCO no ano 1972. Vincula nun só documento os conceptos de conservación da natureza e preservación de propiedades culturais, xa que recoñece o modo no que a xente interactúa coa natureza e a necesidade fundamental de preservar o equilibrio entre as dúas.

Os primeiros 12 sitios Patrimonio Mundial natural e cultural da UNESCO foron inscritos na lista no ano 1978. No mes de xaneiro do ano 2018, a lista inclúe 1073 sitios que son patrimonio cultural, natural e mixto. Dezaseis sitios Patrimonio Mundial da UNESCO son sitios considerados como patrimonio natural transfronteirizo e seis deles están localizados en Europa.

SITIOS PATRIMONIO NATURAL TRANSFRONTEIRIZO EN EUROPA INSCRITOS NA LISTA DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO	PAÍSES
Antigos bosques de faias primarios dos Cárpatos e outras rexións de Europa	Albania, Austria, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Alemaña, Italia, Romanía, Eslovaquia, Eslovenia, España, Ucraína
Bosque de Białowieża	Belarús, Polonia
Covas do carst de Aggtelek e do carst de Eslovaquia	Hungría, Eslovaquia
Costa alta / Arquipélago de Kvarken	Finlandia, Suecia
Monte San Giorgio	Italia, Suíza
Mar de Frisia	Dinamarca, Alemaña, Países Baixos

Ademais, a UNESCO tamén lle concedera a 12 sitios patrimonio natural europeo a distinción de Reservas da Biosfera Transfronteiriiza (entre un total de 31 sitios que se localizan por todo o mundo), que son xestionados polos organismos de cooperación transfronteiriiza responsables da execución de estratexias de desenvolvemento comúns.

Algunhas destas iniciativas transfronteiriizas están sendo executadas e desenvolvidas co apoio dos programas Interreg A.

Outra iniciativa global que inclúe áreas transfronteiriizas protexidas é a Convención de Ramsar sobre a conservación e o uso racional das zonas húmidas, que entrou en vigor no ano 1975 e que foi o primeiro acordo intergubernamental global. Dos 2293 denominados sitios Ramsar a finais do ano 2017, 20 teñen o recoñecemento de transfronteiriizos, 18 dos cales están en Europa.

Os piares da lexislación da Unión Europea sobre a protección da natureza son as Directivas sobre Aves e Hábitats que se puxeron en práctica mediante a rede Natura 2000. É unha rede de zonas de reprodución e descanso

para especies raras e ameazadas, e algúns tipos de hábitats naturais singulares que están protexidos por dereito propio.

Natura 2000 non é un sistema de reservas estritamente naturais do que se poidan excluir tódalas actividades humanas. Aínda que se inclúen reservas naturais estritamente protexidas, a maioría da terra segue sendo de propiedade privada. A estratexia para a conservación e o uso sostible das zonas Natura 2000 é moito máis amplo e céntrase principalmente na xente que traballa coa natureza máis que na que traballa en contra dela. Porén, os Estados Membros deben asegurarse de que os sitios están xestionados de forma sostible, tanto ecolóxica como economicamente.

RESERVAS DA BIOSFERA TRANSFRONTEIRIZAS EUROPEAS DA UNESCO	PAÍSES
Ohrid-Prespa	Albania/A Antiga República Iugoslava de Macedonia
Polesia Occidental	Belarús/Polonia/Ucraína
Mura Drava Danubio	Croacia/Hungría
Krkonoše/Karkonosze	República Checa/Polonia
Mont Viso / Area Della Biosfera Del Monviso	Francia/Italia
Vosges Du Nord / Pfälzerwald	Francia/Alemaña
Tatra	Polonia/Eslovaquia
Cárpatos orientais	Polonia/Eslovaquia/Ucraína
Romanía/Ucraína	Delta do Danubio
Geres - Xurés	Portugal/España
Meseta Ibérica	Portugal/España
Tejo/TEXO Internacional	Portugal/España




Malia que os sitios de Natura 2000 están establecidos a nivel nacional, a Comisión Europea fomenta e apoia a cooperación e o intercambio de prácticas recomendadas entre os sitios Natura 2000 por toda Europa.

É a maior rede coordinada de áreas protexidas no mundo que se estende aproximadamente por un 18% da superficie terrestre da Unión Europea e ocupa case un 6% do seu territorio mariño. Consta duns 27000 sitios e ofrece un refuxio para os hábitats e as especies máis valiosas e ameazadas.

Neste caso concreto, a enquisa EPICAH tamén amosara exemplos de iniciativas como Natura 2000 que non teñen en conta os ecosistemas transfronteirizos, a

biodiversidade nin as diferenzas entre as lexislacións nacionais no que respecta á asignación desta etiqueta de protección. Un caso particular que foi comunicado por un participante na enquisa describe como unha fronteira administrativa divide un ecosistema compartido, que está protexido nunha banda por ser un sitio Natura 2000 pero non ten ningún tipo de protección noutro lado porque os gobernos nacionais teñen distintas opinións acerca da relevancia e as necesidades de protección do mesmo patrimonio natural.

Ademais dos orzamentos estatais, o programa LIFE foi o principal instrumento financeiro para apoiar os proxectos nacionais, internacionais e medio ambientais destinados á conservación da natureza e os proxectos de acción climática da Unión Europea. Dende o ano 1992, LIFE ten cofinanciado case 4000 proxectos cun orzamento total de 3 mil millóns de euros. Durante o período de financiamento 2014-2020, LIFE contribuirá con aproximadamente 3,4 mil millóns de euros á protección do medio ambiente e o clima. Outra organización destacada que fomenta a conservación transfronteiriza en Europa é a federación EUROPARC.



**Gráfica 9:** Distribución dos sitios Natura 2000 nos Estados Membros da UE  
**Fonte:** Axencia Europea do Medio Ambiente

A iniciativa do Programa Parques Transfronteirizos de EUROPARC é un sistema especial de certificación e comprobación que ten a finalidade de fomentar e facilitar a cooperación transfronteiriza entre as áreas protexidas europeas. Hai catro elementos no sistema:

- Os únicos Estándares Básicos de EUROPARC para a cooperación transfronteiriza.
- Un proceso de verificación levado a cabo por auditores externos.
- A certificación formal de “Zona Transfronteiriza EUROPARC” se a solicitude tivo éxito.
- A renovación do Certificado cada cinco anos.

Dende o ano 2003, as zonas seguintes conseguiron a certificación de Parques Transfronteirizos co programa EUROPARC “Parques Transfronteirizos- seguindo o deseño da natureza”.

PARQUES TRANSFRONTEIRIZOS DE EUROPARC, MEMBROS DE TRANSPARCNET	PAÍSES
Parque Natural Maas-Schwalm-Nette	Os Países Baixos e Alemaña
Neusiedler See-Seewinkel & Fertő-Hanság	Austria, Hungría
Parques Transfronteirizos da Suíza Saxoa-Bohemia	República Checa, Alemaña
Parques Transfronteirizos de Podyji-Thayatal	República Checa, Austria
Ecorrexión Transfronteiriza dos Alpes Xulianos	Italia, Suíza
Parques Transfronteirizos de Oulanka-Paanajärvi	Finlandia, Rusia
Parque natural transfronteirizo de Hainaut	Francia, Bélxica
Parque Pasvik-Inari Trilateral	Finlandia, Noruega, Rusia
Parque Nacional da Selva Bávara e Parque Nacional de Šumava	República Checa, Alemaña

As seguintes campañas celébranse anualmente para atraer a atención sobre os esforzos dedicados á conservación da natureza en Europa:

- Premios Natura 2000 dende o ano 2014 para premiar a excelencia na xestión dos sitios Natura 2000 e amosar o valor engadido da rede para as economías locais en 6 categorías, incluídas a cooperación transfronteiriza e a creación de redes.

- O Día Europeo Natura

2000. Dende o ano 2017 o 21 de maio é o día oficialmente designado como “O Día Europeo Natura 2000”, xa que 25 anos antes, o 21 de maio de 1992, aprobáronse oficialmente a Directiva sobre Hábitats da UE e o programa LIFE. Esta Directiva xunto coa Directiva sobre as Aves (aprobada anteriormente no ano 1979) convertéronse na base da Rede Natura 2000 e contribuíron con éxito á conservación do patrimonio natural europeo único.

- A selección dos mellores proxectos dentro do programa LIFE dende o ano 2005 para contribuír á divulgación dos resultados dos proxectos LIFE identificando claramente os proxectos cuxos resultados poderían ter o impacto máis positivo no medio ambiente no caso de que se aplicasen considerablemente.





## GAÑADORES DOS PREMIOS NATURA 2000 NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E A CREACIÓN DE REDES

### **2014: creación dunha rede para a mellor xestión dos sitios Natura 2000 en España.**

A estrutura do goberno de España implica que aproximadamente 20 administracións públicas diferentes elaboran e aplican plans de xestión de sitios. Dúas organizacións sen ánimo de lucro, a Fundación Fernando González Bernáldez e EUROPARC, traballaron xuntas para promover un enfoque coherente e asegurarse de que Natura 2000 acadara o seu obxectivo de protexer todo tipo de hábitats e especies. Impulsaron unha rede de cooperación técnica que abrangue as administracións locais, rexionais e nacionais.

### **2015: o proxecto DANUBEPARKS (parques do Danubio)**

O proxecto contribuíu a vincular os sitios Natura 2000 ao longo do Danubio, representando 30 sitios Natura en nove países do Danubio e axudando aos xerentes das áreas protexidas a afrontar sistematicamente desafíos comúns no Danubio a gran escala.

### **2016: Project "A ave acuática máis rara de Europa beneficiase dun esforzo de equipo para a conservación"**

A execución dunha satisfactoria "proposta de rutas migratorias" que inclúe 15 países e abrangue toda a ruta migratoria de Eurasia do ánsar chico. O proxecto que foi impulsado por grupos de interese dende Grecia, Finlandia, Bulgaria, Hungría e Noruega xogou un papel primordial na aplicación dun programa de seguimento estandarizado e conseguiu asegurar a vixilancia e os traballos de restauración do hábitat.

### **2.2.1. Relevancia para o desenvolvemento fronteirizo**

Segundo a Organización Mundial do Turismo das Nacións Unidas (OMTNU), Europa foi a rexión máis visitada do mundo no ano 2016, tendo en conta a porcentaxe de case a metade (49,8%) dos 1,24 mil millóns de chegadas de turistas internacionais. A riqueza das culturas europeas, a variedade das súas paisaxes e a calidade da infraestrutura turística posiblemente estean entre os diferentes motivos polos que os turistas escolleron pasar as súas vacacións en Europa.

En toda a Unión Europea os establecementos de aloxamento turístico das zonas rurais aloxaron a máis persoas que nas cidades; moitos destes aloxamentos estaban situados nas zonas costeiras ou nas rexións alpinas, incluídas as zonas fronteirizas.

A nivel paneuropeo non se recolleron datos estatísticos oficiais sobre o turismo relacionado co patrimonio cultural. En parte debido a que un turismo deste tipo pode corresponder a diferentes categorías de turismo, por exemplo ecoturismo, turismo de natureza e turismo rural con definicións que se solapan parcialmente.

No contexto do proxecto EPICAH, é importante recalcar que as definicións superpostas de turismo relacionado coa natureza case sempre salientan o benestar da xente do lugar, respectando os valores culturais e/ou sostendo o patrimonio cultural. Isto indica que os visitantes interesados nos valores naturais tamén aprecian o patrimonio cultural da rexión, o que para este grupo específico constitúe un motivo adicional para viaxar.

Malia que as formalidades comunmente asociadas coas fronteiras internacionais considéranse ás veces molestas e a miúdo se percibe unha certa distancia engadida ante algúns destinos turísticos, as fronteiras si que funcionan en moitos casos como un atractivo turístico.

Os beneficios económicos do turismo nas zonas protexidas son obvios pero a excesiva dependencia como unha fonte vital de ingresos pode resultar insostible. En xeral, é importante que unha parte das ganancias permaneza nas comunidades locais e nas zonas protexidas antes de que se disperse por outros sitios. Nun contexto transfronteirizo hai complicacións engadidas, por exemplo se a infraestrutura está máis desenvolvida nun país que noutro, pode causar unha distribución desigual dos beneficios. Así pois, é preciso adoptar un enfoque cooperativo para a xestión e planificación turística nas áreas de conservación transfronteirizas (ACTs), de non ser así, as consecuencias poden ser a degradación medioambiental e o conflito entre as comunidades e os intereses.

A participación dunha ampla variedade de grupos de interese e institucións, incluída a xente do lugar, nas iniciativas turísticas transfronteirizas é crucial para maximizar os beneficios socioeconómicos. As autoridades responsables da conservación necesitan colaborar co sector privado para asegurarse de que as iniciativas turísticas transfronteirizas responden ante as necesidades do mercado. Deberían incentivar ao sector privado para implicar á xente do lugar no abastecemento de bens e servizos e para actuar dun xeito ecoloxicamente sostible.

Malia a importancia da actividade turística como unha ferramenta para a protección, promoción e valorización do patrimonio natural, hai outras actividades económicas que teñen unha relevancia e un impacto neste patrimonio e que deberían ser abordadas dende un enfoque transfronteirizo.

As actividades económicas como a agricultura, a gandería ou a silvicultura poden ter un forte impacto nos ecosistemas, na biodiversidade compartida e nas áreas naturais protexidas. Unha vez máis, este feito provoca que sexa esencial desenvolver unha estratexia común para a ordenación territorial así como medidas conxuntas para abordar conflitos reais ou posibles.

Por outra banda, as mesmas actividades mencionadas anteriormente tamén se poden “utilizar” como unha ferramenta para a protección, promoción e valorización do patrimonio natural se, por exemplo, se levan a cabo baixo modelos de agricultura orgánica ou respondendo a socios sostibles definidos pola economía circular (como por exemplo as actividades de recollida de biomasa).

Se son xestionadas debidamente, as zonas fronteirizas poden beneficiarse da masa crítica e as economías de escala; o motivo é que esas actividades poden resultar atractivas para fixar a poboación pero principalmente isto é debido a que o seu desenvolvemento conxunto tamén pode tratar fenómenos como o cambio climático ou mesmo racionalizar a xestión e uso dos cursos de auga, abordando de forma conxunta os casos de contaminación ou desenvolvendo plans comúns para facer fronte aos asolagamentos.



### **Elementos para apoiar a cooperación transfronteiriza nas áreas protexidas**

Por suposto que o estatus dos sitios patrimonio natural adxacentes situados en lados opostos da fronteira como por exemplo Sitio do Patrimonio Mundial, EUROPARC ou calquera outra distinción recoñecida internacionalmente debería ser un catalizador máis para fomentar a cooperación transfronteiriza.

Con todo, varios estudos indican que as variables máis significativas que están relacionadas co nivel de cooperación son variables humanas referentes ás relacións humanas. Así mesmo, a práctica amosou que moitas iniciativas transfronteirizas de conservación están rexidas por acordos informais.

Mentres que as organizacións internacionais e o financiamento desempeñan un papel primordial na educación, o equipamento e a promoción da conservación transfronteiriza, isto non se pode impor. Independentemente dos acordos asinados, as agrupacións formadas ou as redes establecidas, a duración da cooperación depende finalmente das persoas que traballan nos sitios; do feito de se están dispostas a cooperar e comunicarse alén das fronteiras.

Outro obstáculo importante tanto para as estratexias e accións de cooperación transfronteiriza como para a súa duración no ámbito do patrimonio natural, é a necesidade de implicar ás autoridades locais na súa execución; isto é debido a que na maioría dos casos existen diferentes niveis non só de medios destinados (e non só medios financeiros) senón tamén diferentes niveis de competencias legais (e autonomía) para acadalo.

Tal e como se mencionou anteriormente, a todo isto hai que engadir que as competencias legais para intervir na protección e conservación do patrimonio natural están dispersas en varios organismos (moitos deles sen ningún tipo de sensibilidade ou coñecemento para emprender políticas transfronteirizas efectivas neste obxectivo).

Por último pero non por iso menos importante, non hai un único modelo ideal para introducir e poñer en marcha a conservación transfronteiriza. Cada iniciativa necesita ser deseñada e adaptada para satisfacer as necesidades e os intereses de cada área xeográfica específica e dos países implicados. A capacidade de adaptación da gobernabilidade da conservación transfronteiriza está aumentando. Baséase na premisa de que esta incerteza vén dada, de que as variables sociais, económicas e medioambientais cambian, as paisaxes evolucionan e se producen impactos imprevistos. En lugar de agardar ata que dispoñamos de información máis completa, unha gobernabilidade adaptable implica que deberíamos aprender máis facendo e crear unha expectativa de aprender sobre a marcha.

#### **2.2.2. Dificultades principais e ámbitos de mellora**

Para analizar cales son os obstáculos e as dificultades máis comúns para a xente que traballa co patrimonio natural nas sete rexións transfronteirizas obxecto de estudo, un subgrupo de persoas foron seleccionadas entre todo o grupo de participantes na enquisa EPICAH. Este subgrupo está formado polas persoas que escolleron patrimonio natural como a súa primeira prioridade cando responderon ás preguntas “En cal dos seguintes ámbitos relacionados coa cooperación transfronteiriza está vostede interesado?” e “Ten vostede algún interese no instrumento político nos seguintes ámbitos?”

En total hai 29 persoas neste “subgrupo de patrimonio natural”, que supostamente representan as organizacións que teñen máis experiencia coa xestión dos proxectos relativos ao patrimonio natural transfronteirizo có resto dos participantes na enquisa. 6 persoas destas 29 representan a autoridade administrativa / secretaría conxunta e 18 persoas foron destinatarias dos programas transfronteirizos.

Das 29 persoas que pertencen ao “subgrupo do patrimonio natural”, 22 enquisados clasificaron dez obstáculos e dificultades de cooperación transfronteirizas definidas nunha posición situada entre o 1º e o 10º lugar de prioridade. Para distinguir as dificultades e obstáculos máis graves e comúns comparamos cantos enquisados situaron un problema determinado na 1ª, 2ª ou 3ª prioridade.

Como a cantidade de obstáculos e dificultades predefinidas eran 10, hai unha dispersión de respostas bastante considerable. Con todo, hai certos problemas que destacan máis claramente ca outros. O problema que foi situado máis veces na 1º, 2º ou 3º posición na clasificación das prioridades (11 veces en total) foi **“a falta de cooperación transfronteiriza entre autoridades públicas”**. O segundo problema máis destacado foi **“a falta de estratexia de desenvolvemento transfronteiriza”** (10 veces clasificado no 1º, 2º ou 3º lugar de prioridade) e en terceiro lugar sitúanse as cuestións da **“lexislación” e “idioma”**, que foron escollidas 8 veces polos 22 enquisados.

En síntese, os problemas principais relativos á xestión do patrimonio natural transfronteirizo fan referencia á limitada ou inexistente estrutura do marco (legal) que podería apoiar a cooperación, e ao feito de que o limitado dominio dun idioma común dificulta a cooperación.

Así pois, os instrumentos políticos poderían contribuir ao desenvolvemento e execución dos marcos estruturados para a cooperación no ámbito da xestión do patrimonio natural. Con todo, tal apoio debe estar acompañado por actividades reais de cooperación entre os profesionais “sobre o terreo” (isto é, reunións regulares, actividades de supervisión conxuntas, observación dos profesionais en situacións de traballo, intercambio de persoal, etc). É importante porque finalmente unha cooperación duradeira e satisfactoria non depende do marco legal e institucional senón das accións periódicas conxuntas dos especialistas dende ambos lados da fronteira.

Das 29 persoas que pertencen ao “subgrupo do patrimonio natural”, 17 enquisados clasificaron cinco dificultades predefinidas relativas á execución dos instrumentos políticos nunha posición situada entre o 1º e o 5º lugar de prioridade. Para distinguir cales eran as dificultades máis comúns e graves, comparamos cantos enquisados situaron un determinado problema no 1º, 2º ou 3º lugar de prioridade.

Tódolos 17 enquisados situaron “os requisitos administrativos” no 1º, 2º ou 3º lugar de prioridade, e 9 enquisados situaron esta dificultade no 1º lugar. O segundo problema máis importante que se tivo en conta foi **“o atraso nos pagamentos”** (11 enquisados) e en terceiro lugar **“as dificultades relacionadas coa asociación”** (9 enquisados).

En resumo, as persoas do “subgrupo do patrimonio natural” non están satisfeitas cos requisitos administrativos esixidos polos instrumentos políticos e a limitada velocidade de traballo dos controladores financeiros nos organismos de control de primeiro nivel e as secretarías conxuntas, que a miúdo provocan atrasos nos pagamentos.



Os resultados amosan con claridade que os órganos administrativos / as secretarías conxuntas teñen un longo camiño para abandonar a súa zona de confort e teñen valor para esforzarse máis na introdución e aplicación de medidas máis simples para a administración dos programas de cooperación transfronteiriza. Para cambiar realmente a imaxe das pesadas estruturas burocráticas as simplificacións deben ser drásticas e deben comunicarse dun xeito claro.

### 2.2.3. Prácticas recomendadas

Os apartados previos presentaron unha visión xeral sobre a xestión actual do patrimonio cultural así como as principais oportunidades e puntos débiles da protección, promoción e valorización que este tipo de patrimonio ten que afrontar nas rexións fronteirizas, especialmente no que respecta aos recursos naturais que son compartidos por dúas rexións dos diferentes Estados Membros.

Tendo en conta as principais conclusións destes apartados, foi posible presentar algúns casos prácticos satisfactorios que puideron apoiar os colaboradores do proxecto EPICAH no desenvolvemento dos seus plans de acción.

#### **Parque Nacional do Lago Neusiedl en Austria e Parque Nacional de Seewinkel Fertő-Hanság (Hungría)**

Neste caso, os obstáculos e as dificultades destacadas polos participantes da enquisa EPICAH (a falta de cooperación transfronteiriza entre as autoridades públicas e a falta dunha estratexia de desenvolvemento transfronteiriza) foron superadas en gran parte e o traballo diario dos profesionais de ambos lados da fronteira contribúe á xestión eficiente do patrimonio natural transfronteirizo.

Estes parques son zonas transfronteirizas de zonas húmidas situadas na zona occidental da conca dos Cárpatos, na falda da cordilleira dos Alpes, Austria e Hungría. O parque nacional bilateral foi inaugurado oficialmente no ano 1994. O establecemento desta área protexida transfronteiriza (APT) marcou o final dos anos de división ao longo da denominada Cortina de Ferro. Na zona de Austria, o parque nacional está situado nunha propiedade privada que pertence a máis de mil familias, mentres que en Hungría o parque foi situado en terreo estatal.

Varios anos de planificación conxunta, que empezaron en 1988 cando o derradeiro goberno comunista aínda estaba en vigor en Hungría, conduciron a un novo espírito na cooperación transfronteiriza en xeral; non só no sector da conservación senón tamén permitindo principalmente a reconstrución da identidade rexional ao redor do patrimonio natural compartido que se atopa nos dous parques.

A zona tamén conta cun rico patrimonio cultural, que foi recoñecido na súa designación como Paisaxe transfronteiriza Cultural Patrimonio Mundial da UNESCO no ano 2001.

Esta zona ten unha comisión conxunta (a Comisión do Parque Nacional Austro Húngaro), que representa ás respectivas autoridades gobernamentais e aos organismos de xestión dos parques e que actúa en calidade de Comité Directivo para o desenvolvemento da APT. A cooperación diaria conséguese mediante reunións regulares que son coordinadas polos directores e que abranguen distintos ámbitos de traballo.

Por agora, as constitucións estatais non permiten o establecemento dun organismo de xestión conxunta do parque nacional, mais isto quedará como un obxectivo a longo prazo para ambos países.

### **O Convenio dos Alpes – Un tratado internacional sobre a protección dos Alpes europeos**

De xeito similar ao primeiro exemplo, o Convenio dos Alpes ilustra unha solución positiva que non resulta habitual en Europa, tal e como se deduce do feito de que os participantes da enquisa EPICAH sinalen a falta de cooperación transfronteiriza entre os organismos públicos e a falta dunha estratexia de desenvolvemento transfronteirizo como as dificultades máis graves para a cooperación transfronteiriza.

O Convenio dos Alpes entrou en vigor no ano 1995 e vincula oito países (Austria, Francia, Alemaña, Italia, Liechtenstein, Mónaco, Eslovenia e Suíza) e a Unión Europea.

Constitúe un acordo rexional multilateral e medioambiental que sigue un enfoque integrador, integral e transfronteirizo. O obxectivo principal do Convenio dos Alpes é salvagardar os Alpes. As Partes acordaron a creación de Protocolos nos que se detallan os mecanismos de execución. Entre eles está o Protocolo sobre “A conservación da natureza e o campo”, que establece varios requisitos para a conservación da natureza, incluída a obriga de conservar tipos de biótotos naturais e case naturais en cantidades suficientes e garantir a súa axeitada distribución espacial

O Convenio dos Alpes ten a súa orixe nunha resposta coordinada aos retos comúns nas zonas de conservación transfronteirizas. Durante varios anos vén construíndo un sentido de propiedade e responsabilidade a través das fronteiras administrativas e políticas. Fomentou unha conservación transfronteiriza máis forte.

O Convenio estableceu unha “plataforma de redes ecolóxica” que coordina actividades e proxectos de investigación sobre o terreo. Fomenta o establecemento de redes operativas de zonas protexidas. Tamén facilita a participación de grupos de interese alpinos nas iniciativas dirixidas pola Unión Europea tales como a iniciativa “infraestrutura verde” da Comisión da Unión Europea e os programas LIFE+.

O Convenio tamén fomenta as conexións con outros marcos legais internacionais relevantes a través de Memorandos de Entendemento tales como o Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB) e o Convenio dos Cárpatos, en parte co obxectivo de apoiar a protección dos corredores migratorios dos animais silvestres. O Convenio dos Alpes constitúe un modelo para outras rexións montañosas do mundo onde existe a necesidade de integrar medidas de conservación transfronteiriza e axudar a satisfacer as necesidades humanas dun xeito sostible.

### **Zona dos Alpes Dináricos no sueste de Europa**

O caso da zona dos Alpes Dináricos resalta o feito de que a xestión conxunta e a protección do patrimonio natural pode ser unha contribución positiva ao clima político xeral entre os países que comparten unha historia complicada. Con todo, moitos dos países participantes falan idiomas similares que poderían ter apoiado as accións conxuntas, xa que os problemas idiomáticos foron sinalados como unha das maiores dificultades polos participantes da enquisa EPICAH.



Unha serie de iniciativas para a conservación transfronteiriza na zona dos Alpes Dináricos no sueste de Europa poden contribuír á estabilidade rexional. Esta rexión sufriu o impacto dun conflito armado a principios dos anos noventa que provocou a desintegración da antiga Iugoslavia, con grandes consecuencias para as relacións diplomáticas, económicas e sociais entre a maioría dos países implicados.

Agora está asucada por moitas fronteiras internacionais que precisan da cooperación rexional na conservación da natureza e a xestión de áreas protexidas ao longo das fronteiras.

A Iniciativa do Arco Dinárico foi posta en marcha no ano 2004 por actores internacionais primordiais na rexión. Nun período de catro anos, esta iniciativa levou á sinatura dunha Declaración Conxunta que recoñeceu a importancia da cooperación transfronteiriza en zonas protexidas (a declaración foi asinada por seis gobernos: Albania, Bosnia e Hercegovina, Croacia, Montenegro, Serbia, e Eslovenia, durante o acontecemento “A Gran Vitoria para o Arco Dinárico” na 9ª xuntanza da Conferencia dos Partidos para o CDB (Convenio sobre a Diversidade Biolóxica) en Bonn, Alemaña no ano 2008). Mentres que este acontecemento tivo un enorme valor político para a rexión do Arco Dinárico, tamén supuxo un impulso importante para a xestión da área protexida. No ano 2013, Kosovo e a antiga República Iugoslava de Macedonia uníronse aos seis países na aprobación da segunda Declaración Conxunta para ampliar a cooperación rexional.

Nos últimos anos xurdiron outras iniciativas de cooperación rexional (os Parques do Arco Dinárico, a Plataforma para a Planificación da Conservación, etc), todas elas son unha proba de como a conservación transfronteiriza pode fomentar o diálogo e a estabilidade política.

### **TransParcNet**

O exemplo de TransParcNet podería denominarse Cooperación 2.0 xa que a rede de cooperación internacional consta de zonas naturais que se dividen entre alomenos dous países. É unha rede de cooperación de profesionais que queren ir máis alá do alto nivel de cooperación acadado. Este enfoque debería ser a finalidade de tódalas zonas que son o obxectivo de EPICAH e que actualmente están a loitar contra a limitada cooperación ou a falta de cooperación transfronteiriza no ámbito da xestión do patrimonio natural conxunto.

A Federación EUROPARC lanzou un proceso de certificación “Parques Transfronteirizos- Seguindo o Deseño da Natureza” no V Congreso Mundial de Parques da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza) celebrado en Durban no ano 2003, e dende entón este proceso de certificación vén executándose en Europa.

Os criterios para a certificación utilízanse para avaliar os puntos fortes e débiles das asociación, analizar a calidade da cooperación e identificar exemplos de prácticas recomendadas. A experiencia e os coñecementos foron intercambiados entre os membros do TransParcNet, que actualmente é unha rede de 23 áreas protexidas certificadas de 13 países que cumpren cos requisitos dos Estándares Básicos.

Cada cinco anos lévase a cabo unha nova avaliación de tódalas Zonas Transfronteirizas EUROPARC para comprobar se se debería conservar o certificado. Os Parques Nacionais de Oulanka (Finlandia) e Paanajärvi (Rusia) son un exemplo dunha Zona Transfronteiriza EUROPARC certificada.

O proceso de autoavaliación, revisado polo Comité Transfronteirizo Directivo e de Avaliación de EUROPARC e seguido por unha verificación de campo realizada por expertos externos, resultou extremadamente útil para a xestión dos parques xa que levou a cooperación a un novo nivel. Os parques consideraron que as recomendacións foron moi útiles. O certificado “Parques Transfronteirizos- Seguindo o Deseño da Natureza”, concedido na conferencia anual de EUROPARC, foi empregado para convencer aos doantes acerca do compromiso e a cooperación práctica entre os parques.

A revisión por pares realizada por expertos é con frecuencia o xeito máis eficaz de obter unha orientación fiable sobre como superar as dificultades e mellorar a calidade na xestión da zona protexida. Sendo unha rede de socios que pode organizar este tipo de revisións, TransParcNet é unha forma excelente de integrar as mellores experiencias da rexión e aplicarlas nos retos que están afrontando os xestores individuais das Zonas de Conservación Transfronteirizas.

### **Proxecto “Aguías Transfronteirizas”**

As maxestosas aguias de cola branca cuns 2,5 metros de envergadura son as aves de presa máis grandes de Estonia. Mentres que as aguias de cola branca usan as súas garras para capturar peixes, a aguia máis pequena, Pandion haliaetus ou aguia pescadora, é tamén unha experta pescadora que se mergulla na procura da súa presa. Pódense atopar un número bastante elevado destas aves en Estonia e Letonia pero aínda se consideran especies raras. Hai tres anos, os ornitólogos dos países veciños descubriron que sería útil concienciar á xente que está en contacto coas aguias no seu traballo diario: silvicultores, criadores de peixe, cazadores, etc. En dous anos, miles de persoas aprenderon máis acerca do estilo de vida das aguias e os motivos polos que necesitan protección.

“Un coche pequeno pode tomar curvas pronunciadas con facilidade mentres que un tractor grande sae da Estrada. Do mesmo xeito, os paxaros pequenos poden reaccionar ante os cambios medioambientais con rapidez pero os paxaros máis grandes teñen máis problemas. Se cambiamos as condicións de vida das aguias considerablemente non poden adaptarse.” Este é o motivo polo que as aguias que aniñan nos bosques non deberían ser molestadas ou escorrentadas dos seus “restaurantes” situados nos cursos das augas, así que a vida destas fermosas aves pode agora observarse mediante cámaras web. Unha aguia pescadora de Estonia foi vista case cinco millóns de veces ao ano. Foi observada constantemente por unha media de 3,000 persoas e por 45,000 persoas nun día. A aguia tivo un público de 140 países, a maioría de Alemaña, Suecia, Rusia e Taiwán. Os receptores colocados nas aves permiten que os investigadores poidan recoller información sobre os hábitos migratorios, os costumes para aniñar, etc. As aguias de cola branca non emigran moito pero unha delas pasou as vacacións de verán preto do Océano Ártico, mentres que as aguias pescadoras pasaban as vacacións en África. Os científicos tamén desenvolveron unha metodoloxía harmonizada para observar as aves.





A Fundación para a Natureza de Letonia e a Sociedade Ornitolóxica de Estonia traballaron conxuntamente para facer que a empresa común das Aguias fose un éxito.

### **Desenvolvemento conxunto dos sitios da UNESCO grutas cársticas de Aggtelek e o carst de Eslovaquia**

O Comité Patrimonio Mundial da UNESCO incluíu a Gruta de Aggtelek e o Carst de Eslovaquia na lista de Sitios Patrimonio Mundial no ano 1995 segundo unha proposta común realizada por Hungría e Eslovaquia. Esta marabilla natural non é algo frecuente, así pois resulta difícil comprender como pode ser un bo exemplo para calquera zona transfronteiriza. Os colaboradores estiveron executando varios proxectos comúns para mellorar o nivel de protección da natureza, a biodiversidade e tamén a beleza dos sitios Patrimonio Mundial da UNESCO. Debido á abundancia das súas formas, os elementos cársticos do Carst de Aggtelek e do Carst de Eslovaquia teñen unha importancia internacional. Anualmente, máis de 200,000 visitantes veñen observar o sistema de covas fronteirizo, que ten unha entrada axeitada en ambos lados da fronteira.

Deberían mencionarse tres proxectos relacionados coa finalidade do Programa de Cooperación Transfronteiriza entre Hungría-Eslovaquia e o apoio do desenvolvemento conxunto dos carsts.

- **Xestión dos sitios da UNESCO grutas cársticas de Aggtelek e o carst de Eslovaquia:** este proxecto contribúe á investigación dos elos hidroxeolóxicos das grutas cársticas de Aggtelek e Eslovaquia. A investigación centrouse nos elos hidroxeolóxicos especiais das grutas para facilitar a súa xestión común, a morfoloxía das grutas e das especies que viven nelas así como a identificación da contaminación orixinada dende a superficie para planificar como impedila no futuro.
- **Desenvolvemento do turismo de benestar/médico nas grutas patrimonio mundial do carst de Aggtelek e Eslovaquia:** este proxecto apoia a creación dun atractivo turístico común no sistema das grutas do carst de Aggtelek e Eslovaquia. Esta infraestrutura era necesaria para a actividade das grutas terapéuticas (traballos de construción internos e externos, adquisición dos bens necesarios para a realización da espeleoterapia).
- **Aves sen fronteiras:** este proxecto apoia a protección das especies de aves e os seus hábitats e tamén amplía os servizos dos campos ornitolóxicos tanto para os profesionais como para o público en xeral.

### **Complexo para a educación ecolóxica e o control da calidade do aire nun contexto transfronteirizo**

Este proxecto foi rematado no mes de outubro do ano 2009 coa rehabilitación do antigo baño comunitario en Satu Mare, no Xardín de Roma; este edificio é un monumento arquitectónico que se remonta ao ano 1901 e que foi transformado no “COMPLEXO PARA A EDUCACIÓN ECOLÓXICA E O CONTROL DA CALIDADE DO AIRE NUN CONTEXTO TRANSFRONTEIRIZO”, coñecido pola comunidade como “A Casa Verde” e que ten a finalidade de expandir a infraestrutura de control do aire na zona fronteiriza e desenvolver a capacidade de acción e de cooperación institucional no ámbito medioambiental.

Mediante a reforma o edificio adquiriu numerosas funcións relativas á educación ecolóxica: aulas TI, unha sala de exposicións e conferencias onde se levan a cabo diversas accións de concienciación sobre a importancia da protección medioambiental, isto é: accións incluídas no marco do programa internacional da “Ecoescola”, “Escolas para un Futuro Verde”, “Medio Ambiente para a Vida, Vida para o Home”, clases de educación medioambiental, debates sobre o medioambiente coa participación dos cidadáns, a posta en marcha de programas e proxectos sobre financiamento medioambiental, seminarios/simposios organizados co gallo celebración de eventos relacionados co medio ambiente, exposicións de obxectos feitos de materiais que se poden reciclar, exposicións de traballos artísticos sobre asuntos relacionado co medio ambiente, decoración anual da ecoárbore con ornamentos feitos con materiais reciclables, traballos prácticos no laboratorio do complexo, etc.

Outro resultado foi o control da calidade do aire: o establecemento e o equipamento dun laboratorio cos estándares europeos que aseguran o control continuo da calidade do aire mediante a interconexión da rede romana de control da calidade do aire coa alerta de contaminación accidental na zona fronteiriza de Halmeu. Mediante este proxecto realízase un seguimento biolóxico dos efectos da contaminación producida polo tráfico rodado na zona fronteiriza.

O seguimento biolóxico da calidade do aire foi asegurada por primeira vez no país a través do laboratorio do complexo.

### Parque Prespa

O Parque Prespa<sup>10</sup>, a primeira zona protexida transfronteiriza nos Balcáns, foi creado o 2 de febreiro do 2000, o Día Mundial das Zonas Húmidas, mediante unha declaración conxunta dos Primeiros Ministros de Grecia, Albania e a Antiga República Iugoslava de Macedonia, seguindo unha proposta da Sociedade para a protección de Prespa e o Fondo Mundial para a Natureza. Nove anos despois, os Primeiros Ministros dos tres países reuníronse en Prespa (o 27 de novembro de 2009) e acordaron a sinatura dun acordo vinculante para a protección e o desenvolvemento sostible do Parque Prespa.

No décimo aniversario do Parque Prespa, o 2 de febreiro do 2010, os tres estados e a Unión Europea asinaron un acordo internacional que reforza a xestión institucional do parque, inaugurando unha nova era para o Parque Transfronteirizo Prespa. A Sociedade para a Protección de Prespa (SPP) apoiou a xestión e as actividades do parque dende a súa creación, considerando que a colaboración transfronteiriza é o único xeito de abordar os problemas medioambientais e o desenvolvemento económico da zona. Durante dez anos consecutivos, a SPP participou na xestión do parque en calidade de membro do Comité de Coordinación do Parque Prespa (CCPP) mentres que ao mesmo tempo apoiou a xestión do secretariado do CCPP. Así mesmo, baixo a cooperación transfronteiriza levou a cabo unha serie de proxectos en colaboración cos organismos oficiais dos tres países.

<sup>10</sup> [http://www.spp.gr/index.php?option=com\\_content&view=article&id=10&Itemid=15&lang=el?&lang=en](http://www.spp.gr/index.php?option=com_content&view=article&id=10&Itemid=15&lang=el?&lang=en)



### 2.3. Turismo transfronteirizo

Dos capítulos anteriores resulta evidente que o turismo probablemente é considerado como a ferramenta principal e máis eficiente para a protección, promoción e valorización do patrimonio cultural e natural e que esta premisa tamén é válida nas rexións fronteirizas.

Nas últimas décadas, as rexións da Unión Europea están sendo abertas aos visitantes progresivamente e facendo máis visible o valor das súas paisaxes (construída e natural), a cultura (material e inmaterial) e a identidade. A consecuencia é que cada día son destinos turísticos máis competitivos e atractivos, especialmente se se desenvolven dun xeito cooperativo e estratéxico.

Ademais, o turismo nas rexións fronteirizas está xogando un papel importante para achegar as poboacións locais e superar as aínda existentes barreiras lingüísticas, culturais e sociais, sendo un contribuínte neto para conseguir a política de cohesión europea.

Todos estes motivos xustifican o forte apoio que a Unión Europea está dando para fomentar, promover e desenvolver o turismo transfronteirizo, os produtos turísticos transnacionais e as rutas temáticas europeas vinculadas ao turismo (non só mediante os programas Interreg senón tamén a través de convocatorias específicas impulsadas pola Dirección Xeral GROWTH)

Actualmente, o turismo transfronteirizo se define de distintos xeitos: pode aplicarse á descrición dos fluxos de turistas que viaxan dende un lado da fronteira ata o outro lado ou ben ás actividades turísticas que inclúen as ofertas e produtos de ambos lados da fronteira. Segundo a definición, as rexións veciñas poden ser competidoras ou socias e a fronteira pode coincidir coas fronteiras administrativas ou ser “borradas” polas actividades turísticas.

Tendo en conta este informe, o turismo transfronteirizo correspóndese co turismo baseado no patrimonio cultural e natural común e/ou compartido das rexións fronteirizas (que son socias no seu desenvolvemento estratéxico), que ofrece principalmente produtos turísticos transfronteirizos e atractivos coa finalidade de facer que os turistas se despracen ao longo da fronteira e experimenten en coñezan as dúas rexións implicadas.

Cruzar a fronteira con finalidades turísticas e contribuír ao desenvolvemento sostible de ambas rexións veciñas é daquela o elemento central do turismo transfronteirizo.

#### 2.3.1. Relevancia para o desenvolvemento fronteirizo

A relevancia do turismo como un factor de desenvolvemento rexional é actualmente unha frase de sentido común repetida por todo tipo de actores socioeconómicos privados e públicos. Tamén é un fenómeno presente en varios estudos de investigación realizados en múltiples ámbitos (dende a psicoloxía ata a historia).

A súa capacidade para xerar ingresos e postos de traballo no máis recente período de crise económica e financeira que afrontara a Unión Europea fixo do turismo un fito esencial do crecemento local e rexional e as estratexias de desenvolvemento.

Con todo, os territorios transfronteirizos parece que non son quen de ver ou acadar todo o potencial que o turismo pode representar para eses territorios se se elabora un plan estratéxico e cooperativo baseado nos bens comúns culturais e naturais e os recursos das zonas fronteirizas, especialmente no que respecta á xeración de factores que marquen as diferenzas para abordar a competición global que caracteriza a industria turística.

Para as rexións fronteirizas (que se corresponden aproximadamente co 20% do territorio europeo) o turismo pode ter un verdadeiro impacto nas economías locais. Se, por unha banda, o sector do turismo permite mellorar a protección e a xestión sostible do patrimonio cultural e natural engadindo valor e promovendo estes aspectos como os elementos fundamentais da identidade dos territorios e o modo de vida. Por outra banda, o turismo debería dar a coñecer novas oportunidades para as zonas fronteirizas e axudar a superar os puntos febles no tocante ao desenvolvemento:

- A nivel económico: atraendo novos investimentos (incluído o investimento estranxeiro); fomentando a diversificación das actividades económicas; potenciando os negocios locais (como a artesanía ou a produción e venda de produtos agrícolas); incrementando a demanda de recursos humanos cualificados.
- A nivel da sostibilidade: axudando a manter, protexer e conservar o patrimonio cultural e natural local.
- A nivel social: mellorando a calidade e cantidade dos establecementos, servizos e infraestruturas contribuíndo á mellora da calidade de vida das xentes do lugar.

A reciprocidade dos recursos, bens e instalacións a nivel transfronteirizo poden representar unha oportunidade de desenvolvemento real se os territorios poden satisfacerla establecendo unha estratexia compartida e común que se apoia na “esencia da identidade dun territorio transfronteirizo” facendo da propia fronteira un atractivo turístico.

Como pasa noutros tipos de territorios, o turismo en territorios fronteirizos está baseado no patrimonio cultural, histórico e natural e nas instalacións de ocio (comúns ou individuais), polo que se debería desenvolver aproveitando de maneira óptima ese potencial endógeno.

Un exemplo satisfactorio da urxencia da identidade transfronteiriza dun territorio reforzada por actividades turísticas son as “Reservas Transfronteirizas da Biosfera” da UNESCO, onde distintos niveis de gobernanza e grupos de interese procedentes das fronteiras implicadas traballan xuntos e comparten o obxectivo de protexer o patrimonio natural común (que asumen como propio) e de promoverlo como un atractivo turístico.

De feito, representa un achegamento real á xeografía funcional (onde as relacións e o uso eficaz dos territorios solápanse coa xeografía política), que centra a eficacia das políticas adoptadas nos seus resultados sen as limitacións das barreiras administrativas e burocráticas que outros sectores teñen que afrontar. Daquela, a atención céntrase na paisaxe natural e cultural en vez de na delimitación administrativa dos territorios. Como consecuencia, o desenvolvemento conxunto e a xestión das zonas fronteirizas son unha necesidade e non un desexo.



Para garantir estes impactos positivos, o turismo debería ser concibido como unha actividade cooperativa e transfronteiriza que se debe executar e desenvolver dun xeito estratéxico e común (baixo un enfoque integrado territorialmente que crea as sinerxías necesarias entre tódolos sectores económicos locais) tendo en conta aspectos como a planificación espacial das zonas fronteirizas para evitar solapamentos e garantir un uso correcto dos recursos comúns.

Os territorios fronteirizos aumentan a súa concorrencia mediante a cooperación transfronteiriza creando novas formas de “reclamos turísticos” (e xerando novos distintivos fortes) baseados nos activos compartidos e nas condicións, produtos e servizos que só eles poden desenvolver (tecnicamente e/ou financeiramente) a maior escala (isto é, xuntos).

Obxectivos como a calidade medioambiental, o tipo e a conservación da paisaxe desempeñan un papel fundamental para determinar o potencial turístico dos territorios e, no caso de zonas fronteirizas, estes son obxectivos comúns que deberían ser controlados polos grupos de interese responsables seguindo os mesmos obxectivos e normas. Ademais, é fundamental definir de forma conxunta o tipo de turismo previsto (por exemplo, turismo de masas contra ecoturismo ou ben formas alternativas de turismo) porque este será o elemento clave para definir o tipo de visitantes e as necesidades e expectativas que teñan no que respecta ao “destino transfronteirizo”.

Neste contexto, o turismo transfronteirizo pode unirse con “turismo en fronteiras veciñas” como unha ferramenta para aumentar a duración media da estancia nos territorios e para reducir a estacionalidade.

Ademais, como os territorios fronteirizos son na súa inmensa maioría rexións interiores, rurais e avellentadas/despoboadas (as zonas fronteirizas están situadas nas extremidades dos seus países non só en termos administrativos senón tamén en termos de redes de comunicación, circunstancia que os deixa lonxe dos principais centros de decisións políticas facendo delas zonas “sen importancia”), o turismo transfronteirizo tamén representa unha ferramenta de retención demográfica mediante a creación de oportunidades de traballo e investimento e a capacidade de atracción.

Nestes territorios o desenvolvemento do turismo transfronteirizo permite no só a xeración de economías de escala (por exemplo a nivel da promoción), senón tamén permite desenvolver unha carteira de produtos turísticos máis variada e competitiva (engadindo aos produtos turísticos – fomentando o turismo nas fronteiras veciñas – produtos turísticos transfronteirizos ofrecidos conxuntamente).

Segundo a enquisa electrónica levada a cabo no proxecto EPICAH (destinada aos principais grupos de interese das 7 rexións fronteirizas implicadas), é posible identificar os principais puntos fortes e bens da cooperación transfronteiriza europea no ámbito do turismo.

En primeiro lugar, hai que destacar que o 55% dos participantes na enquisa consideran que o nivel de cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo é boa ou excelente.

Existe unha porcentaxe aínda máis elevada de persoas que pensan que os instrumentos políticos analizados están fomentando a cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo a un nivel bo ou excelente.

A pesar do risco de percibir que estaban competindo entre eles, as respostas dos participantes na enquisa indican que o turismo é un punto forte da cooperación transfronteiriza e que se considera unha ferramenta relevante para a conservación e promoción do patrimonio cultural e natural transfronteirizo:

- A cooperación transfronteiriza é máis forte no ámbito do turismo cando se compara cos ámbitos do patrimonio cultural ou natural;
- Porén, o 41% dos participantes na enquisa consideran que a cantidade de recursos asignados ao desenvolvemento do turismo transfronteirizo debería ser máis elevada para facer posible un desenvolvemento maior das zonas fronteirizas.

Por outra banda, segundo a mesma enquisa, os principais bens fronteirizos (internos) europeos para a cooperación no ámbito do turismo foron identificados da seguinte maneira:

- Rutas culturais;
- Zonas naturais protexidas;
- Sitios UNESCO;
- Augas termais;
- Produtos típicos e vino;
- Paisaxe;
- Itinerarios pola natureza;
- Ciclovías.

As opinións dos participantes na enquisa corroboran que un crecemento maior do fluxo de turistas nas zonas transfronteirizas vai esixir o seguinte:

- Estratexias comerciais comúns;
- Paquetes con ofertas transfronteirizas conxuntas;
- Unha comparación continua das mellores prácticas para identificar os factores clave para o éxito que se poden reproducir;
- A integración da información turística entre as áreas transfronteirizas.

Por último, resulta relevante sinalar que para a Unión Europea en conxunto, o turismo transfronteirizo tamén representa unha oportunidade de desenvolvemento xa que contribúe a conectar aos cidadáns (achegando a xente, eliminando fronteiras mentais e fomentando as diferenzas culturais e a aceptación de desacordos históricos), para reforzar a identidade transfronteiriza (consolidando tamén a identidade Europea) así como o sentimento de pertenza a Europa a través das comunidades transfronteirizas. Deste xeito, o turismo transfronteirizo tamén é unha ferramenta relevante para a Política de Cohesión da Unión Europea.



O apoio da Unión Europea para o desenvolvemento do turismo transfronteirizo, por exemplo mediante os programas Interreg A, é un xeito de recoñecer a súa relevancia e unha contribución para engadir valor e fomentar os seguintes aspectos:

- Unha identidade europea;
- Un xeito sostible e responsable de utilizar o medio ambiente e o patrimonio natural.
- Un uso eficiente e sostible do patrimonio cultural;
- A protección e conservación do patrimonio fronteirizo e os valores de identidade

### 2.3.2. Dificultades principais e ámbitos de mellora

Tal e como se explicou anteriormente, segundo os resultados da enquisa electrónica EPICAH, pódese considerar que toda a valoración do nivel de cooperación transfronteirizo no sector turístico foi bastante boa.

O tema do turismo non pode existir en si mesmo xa que sempre está vinculado coa exploración dun patrimonio cultural e/ou natural ou outro punto de interese. É dicir, o turismo gañou popularidade pero necesita ser considerado como un aspecto asociado cos valores culturais e naturais.

Así e todo, malia que actualmente os cidadáns europeos dispoñen dun sistema basicamente libre para viaxar por Europa, por suposto que se poden atopar con dificultades e obstáculos.

A cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo é un proceso intersectorial, así pois os obstáculos tamén están destinados a ser intersectoriais e percíbense en macrofactores tales como:

- Factores históricos, sociais e culturais.
- Factores económicos.
- Factores legais.
- Factores vinculados ao nivel de coñecementos dos socios implicados.
- Factores que definen o grado de intensidade de cooperación dos socios implicados.
- Factores administrativos.

Aínda que a valoración feita do nivel de cooperación transfronteirizo no sector turístico pódese considerar que é bastante boa segundo os resultados da enquisa EPICAH, se afondamos en detalle (grazas tamén aos resultados desa enquisa), os obstáculos principais poden dividirse principalmente entre estas categorías segundo o seu carácter:

1. Coñecemento sobre o outro lado da fronteira en xeral.
2. Falta de coñecemento e interese sobre o outro lado da fronteira.
3. Falta de estratexias de desenvolvemento transfronteirizas.
4. Lexislación e aspectos legais.
5. Mobilidade e infraestrutura.
6. Contexto histórico e/ou social.
7. Idioma.
8. Falta de cooperación transfronteiriza entre as entidades con distintos enfoques.
9. Distancia marítima (en casos específicos)
10. Factor administrativo

Estas dificultades tamén se poden identificar ao mesmo tempo como ámbitos de mellora.

<p><b>Coñecemento sobre o outro lado da fronteira en xeral</b></p>	<p>En suma, pódese dicir que o coñecemento xeral do outro lado da rexión fronteiriza non é moi profundo. Aínda que a miúdo as rexións transfronteirizas comparten a mesma historia, hai unha falta de coñecemento sobre os feitos básicos da rexión fronteiriza.</p>
<p><b>Falta de coñecemento e interese sobre o outro lado da fronteira</b></p>	<p>Malia que comparten a mesma fronteira, os socios situados a cada lado da mesma teñen en xeral un baixo nivel de coñecemento da zona onde se sitúa o outro socio. O patrimonio cultural e mesmo natural, que é ben coñecido e visitado por turistas nacionais, a miúdo non recibe demasiada atención por parte dos visitantes potenciais que viven no outro lado da fronteira. Hai moita xente que nunca estivo nos lugares que son famosos na outra rexión e que non están interesados debido á falta de información sobre este aspecto.</p>
<p><b>Falta de estratexias de desenvolvemento transfronteirizas</b></p>	<p>Algunhas rexións transfronteirizas carecen de estratexias para a cooperación transfronteiriza ou as que hai están moi pouco desenvolvidas. Algunhas rexións aínda non contan cunha estratexia común para os proxectos e o desenvolvemento turístico. As rexións concéntranse nos asuntos turísticos que hai na súa zona, esquecendo os proxectos comúns e o feito de que moitos visitantes potenciais poderían ser atraídos dende o outro lado da fronteira. Afortunadamente, en moitos países con proxectos turísticos transfronteirizos pódese observar que hai unha tendencia positiva cara a un maior desenvolvemento. Daquela, é necesario (turismo en fronteiras veciñas) buscar estes proxectos e aprender deles para aplicar as mellores prácticas na contorna local. As estratexias desenvólvense normalmente a nivel nacional en cada estado. E estas estratexias avanza ata as rexións. Así pois, é importante que os asuntos relativos ao turismo transfronteirizo sexan tamén abordados a nivel nacional. E aínda máis, é esencial que as estratexias nacionais adopten xa os programas e estratexias turísticas da UE.</p> <p>O concepto dun Mercado Internacional Común sería a solución para que os produtos e paquetes nacionais e internacionais con ofertas conxuntas para o turismo fronteirizo poidan ser desenvolvidos e ofrecidos.</p>
<p><b>Lexislación e aspectos legais</b></p>	<p>O nivel de cooperación transfronteiriza, non só no ámbito do turismo, depende demasiado do marco legal e lexislativo, o que fai que a cooperación sexa máis doada nunhas rexións ca noutras. Este aspecto inclúe a adhesión á Unión Europea dos dous países implicados, o grado de centralización de cada estado, as competencias das autoridades locais, etc.</p> <p>Tamén, as relacións entre os estados veciños sempre xogarán un papel importante. Por suposto que estas relacións poden variar mesmo nos estados dependendo das rexións específicas e o cambio de tempo.</p>
<p><b>Mobilidade e infraestrutura</b></p>	<p>A miúdo podemos observar que hai un nivel bastante diferente de infraestrutura en cada país das rexións que cooperan. E non só estamos falando das posibilidades de transporte que en xeral teñen que ver cun desenvolvemento económico do país. Así pois, podemos atopar lugares que intentan fomentar a cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo, onde un país pode ofrecer un sistema de transporte para os turistas moito mellor desenvolvido ca outro.</p> <p>Non obstante, e tal como se mencionou anteriormente, a infraestrutura non só significa transporte, que é esencial para que os desprazamentos turísticos e os proxectos turísticos teñan éxito. Tamén é importante mencionar por exemplo os materiais comúns para promover os proxectos turísticos conxuntos; precísanse materiais en tódolos idiomas que se describen con máis detalle en apartados posteriores.</p>





<b>Contexto histórico e/ou social</b>	<p>As rexións que cooperan no ámbito do turismo a miúdo teñen que afrontar obstáculos debido ao seu contexto histórico e/ou social. E isto pode ser ter un contexto e unha historia compartida ou non ter unha historia común positiva ou forte. As diferenzas que poderían causar dificultades en ambos lados da fronteira tamén poderían ter un carácter relixioso ou étnico. A modo de exemplo, o tema da segunda Guerra Mundial aínda pode ser un motivo polo que algunhas persoas que viven en rexións veciñas poderían reaccionar negativamente ante a posibilidade dunha cooperación, e por suposto non só no ámbito do turismo.</p>
<b>Idioma</b>	<p>As barreiras idiomáticas están consideradas como un obstáculo natural cando se formula o tema da cooperación transfronteiriza.</p> <p>En primeiro lugar, os socios participantes atópanse coas dificultades elementais cando intentan desenvolver proxectos comúns. A tal fin, podería ser útil establecer un idioma internacional (por exemplo inglés) para tódalas entidades participantes. Aínda que non sexa unha lingua nativa para ningún dos estados, fará que a comunicación sexa máis doada e que un país non se sinta “máis forte” ca outro. Ademais, este enfoque podería facilitar futuras medidas do proxecto a nivel internacional ou europeo.</p> <p>Con todo, cando chegamos á parte da execución do proxecto común, sempre cómpre pensar en tódalas variantes idiomáticas implicadas. E isto é válido non só a un nivel básico do proxecto senón tamén cando profundamos no proxecto. Por exemplo, se quero atraer a ambos lados da fronteira implicados no proxecto, tódolos materiais de promoción tamén teñen que estar no idioma que se fala no outro país. Deste xeito, os posibles visitantes tamén poden obter a información no seu idioma. Logo, se deciden vir e visitar o outro lado da fronteira, tamén é esencial estar preparado nese momento, o que implica ter os materiais no idioma do outro país (exposicións, guías, textos, audioguías, etc.) Así o proxecto tamén pode ter éxito na vida real, non só no papel.</p>
<b>Falta de cooperación transfronteiriza entre entidades con diferentes enfoques</b>	<p>Un dos motivos máis importantes polo que os proxectos turísticos transfronteirizos se atopan con dificultades é o feito de que os socios dos distintos lados da fronteira non se coñecen. Ou ben non existe unha plataforma ou unha posibilidade para coñecer os socios axeitados para a cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo.</p> <p>Aínda que tamén, segundo as distintas enquisas, estarían interesados neste tipo de cooperación e mesmo terían os proxectos preparados. Ás veces eses proxectos incluso tratan dos mesmos asuntos, así e todo o problema é que os posibles socios simplemente non se coñecen entre eles.</p> <p>Daquela, nas estratexias turísticas é importante ter presente a creación dalgún tipo de institución intermedia ou plataforma que poida contribuír a facilitar os contactos e vincular os socios e os proxectos turísticos</p>
<b>Distancia marítima (en casos específicos)</b>	<p>Nalgunhas rexións a distancia marítima pode provocar obstáculos para a cooperación no desenvolvemento turístico.</p> <p>Estes obstáculos inclúen:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>(1) A dificultade de acceso dalgúns territorios marítimos transfronteirizos. A disposición de enlaces en certas zonas transfronteirizas marítimas é moi limitada (no relativo a conexións e capacidade) e a miúdo está relacionado coa estacionalidade. Por exemplo, o 40% dos cidadáns da zona marítima de Italia-Francia destacaron que a escasa accesibilidade representaba un dos maiores problemas observados (é un dos índices máis elevados, cando a porcentaxe media é dun 30% - Enquisa do Eurobarómetro, 2015).</li><li>(2) A ausencia do concepto de “continuidade territorial transfronteiriza” nas zonas marítimas transfronteirizas e os instrumentos legais axeitados para garantila.</li><li>(3) As oportunidades para o “crecemento azul” en zonas marítimas transfronteirizas non están suficientemente explotadas aínda que representan novas oportunidades para o desenvolvemento e o emprego no sector turístico (turismo costeiro e náutico, etc.)</li></ol> <p>Pero aínda así, cando as rexións fronteirizas teñan unha estratexia clara que tamén teña en conta este feito, poderá ser superado e os proxectos transfronteirizos aínda poderán ter éxito.</p>

<b>Factor administrativo</b>	Tal e como sucede noutras categorías para a cooperación transfronteiriza, as dificultades administrativas para os proxectos turísticos comúns transfronteirizos tenden a considerarse como un dos principais motivos polos que os socios non cooperan e non solicitan proxectos transfronteirizos comúns.
------------------------------	---

A cooperación transfronteiriza no ámbito do turismo desenvólvese ata certo punto na maioría das rexións europeas. En moitas delas podemos atopar proxectos satisfactorios malia que aínda existen dificultades e ámbitos de mellora tal e como se mencionou anteriormente.

Para atopar solucións é esencial preparar boas estratexias, conceptos e plataformas turísticas transfronteirizas para a cooperación transfronteiriza. Tamén podemos aprender dos bos exemplos e das prácticas recomendadas ao longo de toda Europa xa que poden amosarnos o xeito de superar obstáculos mediante o intercambio de experiencias. Mesmo cando as condicións son diferentes en cada país. A seguir menciónanse algunhas das prácticas recomendadas.

### 2.3.3. Prácticas recomendadas

Varios dos problemas e ámbitos de mellora indicados no apartado anterior xa están sendo abordados polos proxectos transfronteirizos e a creación de redes. Poden representar casos de estudo satisfactorios para o proxecto EPICAH e poden ser un exemplo de prácticas recomendadas que se deben ter en conta cando se desenvolven os plans de acción para a mellora dos instrumentos políticos.

#### **Parque Histórico e centro arqueolóxico de Bärnau – Tachov**

O Parque Histórico de Bärnau-Tachov (Geschichtspark Bärnau-Tachov en alemán) é o maior parque medieval de Alemaña. É un proxecto transfronteirizo conxunto que se sitúa non lonxe de Tachov, ao oeste de Bohemia, cara a fronteira que cruza Pavlov Studenec – Bärnau. O fundador do Parque é a asociación Via Carolina e.V. O parque medieval presenta a vida da xente a principios e durante a alta Idade Media cunha aldea eslava de principios da Idade Media, unha fortaleza do século once e un asentamento da Idade Media. Tamén hai unha clásica exposición e un museo no edificio principal do parque que se creou no ano 2010 e está en continua expansión.

O obxectivo principal do proxecto é o establecemento do Centro Arqueolóxico de Bohemia-Baviera como unha institución que informa ao público xeral con todo detalle e de xeito continuado sobre un patrimonio común cultural e natural no territorio onde se desenvolve o proxecto. Alén disto, existen diversas actividades planificadas que proporcionarán o apoio sostible que precisa o turismo transfronteirizo.<sup>11</sup>

<sup>11</sup> <https://www.geschichtspark.de/>  
<https://www.archaeocentrum.eu>



### **Treffpunkt**

“Treffpunkt” é a Plataforma Cultural Bávara-Checa e o proxecto conxunto de Pilsen 2015 (República Checa) e a cidade de Regensburg (Baviera). O seu obxectivo é interconectar actores culturais e organizadores nos dous lados da fronteira.

Mediante xuntanzas para o establecemento de redes de contacto e canles de intercambio, os participantes teñen a oportunidade de coñecer e explorar aos seus socios. O elemento máis visible da plataforma son os días culturais bávaros-chechos; o festival “Treffpunkt” que se celebra en Pilsen en outubro e en Regensburg no mes de marzo.

A Unión Europea financia o proxecto da Plataforma Cultural Bávara-Checa.<sup>12</sup>

### **Centro Baviera Bohemia en Schönsee**

O Centro Baviera Bohemia (CeBB en Baviera) está situado na antiga cervexaría municipal “Schönsee”, que foi remodelada e ampliada para albergar este proxecto transfronteirizo creado o 1 de xaneiro do 2006. O fundador foi a Asociación “Baviera Bohemia eV”, que foi establecida no ano 2004 e é responsable da súa xestión.

A intención do proxecto é crear un centro cultural no Centro de Baviera Bohemia para apoiar a vida cultural das rexións veciñas de Baviera e a República Checa co obxectivo de contribuír a profundar aínda máis nas relacións de asociación e as relacións culturais transfronteirizas nas rexións veciñas de Baviera e a República Checa. Ofrece vida cultural en ambos lados da fronteira para que o público teña un achegamento máis estreito facendo posible a cooperación entre os organizadores dos eventos culturais en tódalas zonas dos barrios de Baviera e a República Checa.

Principais temas do centro:

- A organización de eventos culturais e programas de impacto transfronteirizo;
- A creación dunha rede cultural transfronteiriza- a creación e difusión dun banco de datos cultural transfronteirizo bilingüe.
- Unha plataforma de información sobre as ofertas culturais das rexións veciñas para todos aqueles que estean interesados na cultura;
- A proxección de “boa veciñanza” en 3D e noutros medios de comunicación;
- Sinerxías de socios no ámbito cultural, os medios de comunicación, as iniciativas e as organizacións transfronteirizas, a vida política e pública, o turismo e a educación, as universidades e a educación para adultos.<sup>13</sup>

<sup>12</sup> <https://treffpunkt.cz>

<sup>13</sup> <http://www.bbkkult.net/>

### **Centro de Información “Baviera – República Checa”**

Proxecto conxunto dos socios bávaros e checos con centros de información en Pilsen e Budwais.

ARBERLAND REGIO GmbH, coas súas sedes en Pilsen e České Budějovice, fixou no ano 2008 o obxectivo de promover esta moi importante rexión turística da Selva Bávara - Šumava. Xunto cos asociados de Baviera e Bohemia as dúas sedes representan un importante enlace informativo neste lugar transfronteirizo entre o Danubio e Vltava e ofrecen a posibilidade de presentar a oferta actual de tódalas posibilidades e acontecementos turísticos interesantes.

Coa páxina web a información está dispoñible en calquera parte do mundo case de continuo; o obxectivo é informar a ambas zonas da rexión das actividades culturais e turísticas.<sup>14</sup>

### **Rutas culturais europeas**

As Rutas Culturais Europeas son exemplos de estratexias de desenvolvemento conxuntas para a cooperación transfronteiriza xa que representan redes de territorios que “explotan” e desenvolven bens naturais e culturais compartidos dun xeito coherente e sostible.

O seu desenvolvemento está baseado no establecemento dunha estrutura de gobernanza participada e común fundamentada en principios estritos no relativo á conservación, xestión e promoción do patrimonio.

As rutas crean e desenvolven unha identidade común (e tamén un distintivo común) que se basea na singularidade dos bens e os recursos compartidos polos territorios. Ao mesmo tempo, o seu desenvolvemento e consolidación normalmente xera un sentimento máis forte de pertenza e propiedade compartida.

Por definición (Consello de Europa, 2006), as rutas culturais europeas son “redes” de interaccións e intercambio económico baseadas na cultura e creatividade que incorporan principios de sostibilidade, equidade e inclusión fundamentados na cooperación e a cooperación transfronteiriza, facendo que tamén sexan prácticas recomendadas para a promoción dos obxectivos da Política de Cohesión da Unión Europea.

Actualmente, a principal ruta cultural europea é o Camiño de Santiago, que tamén representa un dos principais proxectos temáticos turísticos transfronteirizos nas fronteiras entre España-Portugal e España-Francia.

### **Programa IAP de Cooperación Transfronteiriza entre Hungría e Croacia**

Este programa de cooperación transfronteiriza europea utiliza unha metodoloxía única (en comparación con outros programas de cooperación transfronteirizos) xa que desenvolveu o Plan do Produto Turístico Rexional (PPTR) e o Manual para Proxectos Turísticos como base para impulsar convocatorias de propostas relacionadas co ámbito do turismo.

<sup>14</sup> <http://bavorsko-cechy.eu/home/>



Na execución da prioridade 2 “Uso Sostible dos Bens Naturais e Culturais”, o Manual para Proxectos Turísticos<sup>15</sup> utilízase como un documento de referencia para as intervencións no sector turístico. O programa aprobará o establecemento dun concepto estratéxico aplicado a tódolos proxectos turísticos: un marco común co obxectivo de reforzar a consecución plena dos obxectivos e resultados do programa.

Este procedemento tamén pode resultar útil para definir os límites e obxectivos do “uso” da actividade turística como unha ferramenta para a protección, promoción e valorización do patrimonio natural e cultural.

### **Rede NecsTour**

A rede europea NECSTOUR é un proxecto que ten como promotores as rexións da Toscana, Cataluña en España e PACA (Provenza, Alpes e Costa Azul) en Francia. É un instrumento para o intercambio dunha ruta de accións entre un grupo de rexións, autonomías locais, estados membros e a Comisión Europea, pero tamén co universo do consumo, industrial e social. NECSTOUR preséntase como un laboratorio permanente de debate, unha plataforma de intercambio de prácticas recomendadas, intercambio de experiencia, experimentación de modelos compartidos sobre a medición dos fenómenos e de diálogo social.

O elemento común é por unha banda a vontade de confrontación da análise e o intercambio de prácticas recomendadas, e por outra banda a aplicación de obxectivos sostibles da Axenda 21 nas rexións e as realidades turísticas, mantendo as tendencias do debate internacional e as posicións das grandes institucións tal como as Nacións Unidas.

Pódense destacar dez puntos principais: dende a calidade do traballo e da vida ata o impacto do transporte e a estratexia da desestacionalización, dende a protección activa da cultura e o medioambiente e as identidades dos destinos ata a diminución e optimización dos recursos naturais, a auga en primeiro lugar e logo o consumo de enerxía e a xestión dos residuos. Os lugares turísticos serán valorados de acordo con cinco indicadores: as responsabilidades sociais e ambientais, a desestacionalización dos fluxos turísticos e o transporte e a mobilidade. Trinta rexións e vinte e unha institucións de apoio participaron na rede, entre elas institucións internacionais e institutos de investigación, asociacións profesionais e sindicatos.

Esta rede de rexións é unha práctica recomendada capaz de ofrecer solucións para algúns dos problemas mencionados anteriormente, en especial con referencia á “falta de cooperación transfronteiriza entre as entidades con distintos enfoques”.

De feito, a rede desenvolveu unha metodoloxía para a xestión competitiva e sostible do turismo que proporciona ferramentas de traballo e un idioma compartido que pode facilitar o diálogo e a cooperación entre as diferentes entidades, públicas e privadas, con ou sen ánimo de lucro.

Podería adoptarse esta metodoloxía para mellorar os instrumentos políticos facendo dela unha pauta que tódolos proxectos centrados no turismo transfronteirizo deberían seguir.

<sup>15</sup> <http://www.huhr.cbc.com/uploads/editors/Handbook%20to%20Tourism%20Projects.pdf>

### **Creación dunha ruta para deportes acuáticos no río Bodrog e os seus afluentes**

O turismo náutico estivo activo durante moito tempo no río Bodrog e os seus afluentes. Na zona de Eslovaquia, dos cinco afluentes do río Bodrog só os ríos Laborec e Latorica son apropiados para o paso de pequenas embarcacións, ademais da zona de especial protección designada polo acordo de Ramsar, que se sitúa ao longo do río Laborec e unha zona similar (Bodrozug) preto da cidade de Tokaj. Estas dúas zonas protexidas están comunicadas polo corredor verde natural do río Bodrog.

O obxectivo deste proxecto é o desenvolvemento dun completo paquete de atraccións centrado no ecoturismo activo que se vai levar a cabo ao longo dos 80 quilómetros da sección transfronteiriza do río Bodrog e os seus afluentes, entre Tokaj e Oborín. O carácter global tamén se amosa no feito de que este tipo de actividades deberán poñerse en práctica en múltiples asentamentos e lugares coa axuda de distintos colaboradores que desempeñan servizos turísticos, así como diferentes municipios.

O obxectivo directo do proxecto é incrementar o atractivo desta zona e facer que as atraccións turísticas no río Bodrog e os seus afluentes poidan estar dispoñibles para o público establecendo vías fluviais, rutas ciclistas, rutas ecuestres e creando a infraestrutura natural, arquitectónica e tecnolóxica necesaria para todo isto.

Para acadar este obxectivo, o proxecto propón entre outras actividades a adquisición de activos e a formación de persoal de servizo local por motivos de sostibilidade así como a creación dun programa de mentores para popularizar os deportes náuticos.

### **Rede do Patrimonio Culinario dos Cárpatos**

O proxecto foi executado na rexión de Ivano-Frankivsk de Ucraína, nos condados de Maramures e Satu Mare en Romanía, no condado de Szabolcs-Szatmár-Bereg en Hungría e na rexión de Kosice en Eslovaquia. O obxectivo global é conservar e popularizar a función dos distintos tipos de produtos alimenticios tradicionais e cocinas dos Cárpatos como un catalizador para o desenvolvemento rexional sostible e a conservación do patrimonio cultural local.

O proxecto fomenta a cooperación transfronteiriza para unificar os esforzos e o potencial da comida tradicional local e o turismo nas Rexións dos Cárpatos a fin de promover os distintos estilos e produtos culinarios. Para acadar este obxectivo, contribúese ao desenvolvemento de capacidades, redes e cadeas de abastecemento sostible entre os distintos produtores e o público a fin de afrontar os retos e requisitos das necesidades actuais nas industrias do turismo e os produtos alimenticios.

Ao mesmo tempo, trabállase para concienciar á xente do lugar para que aprecien o potencial do patrimonio culinario dos Cárpatos entanto que se identifican os vínculos entre as tradicións e o medio ambiente local. Os produtores locais que herdaron a tradición e o saber facer deben estar motivados para comprometerse nun proceso de conservación e creación de valor xunto con outros grupos de interese locais.



Tamén se vai traballar no desenvolvemento de novas oportunidades empresariais e no apoio de negocios a pequena escala relacionados cos sectores da gastronomía e a comida tradicional nas rexións dos Cárpatos en Romanía, Hungría, Ucraína e Eslovaquia. Este obxectivo vaise acadar mediante a creación de fortes vínculos e redes co sector turístico e a promoción do patrimonio culinario tradicional dos Cárpatos e a súa cultura ante unha clientela nacional e internacional.

